 - 7. Independentemente da xornada máxima anual, garantirase o goce do descanso adicional do tempo de prestación en domingos e festivos.*

Tras 8 anos de vixencia desta norma que ía a ser temporal, o persoal laboral da Xunta de Galicia ve como os seus dereitos seguen mermados, nunha situación como na que nos atopamos, e polo tanto, camiño de converterse estas medidas en definitivas.

As persoas afectadas do ámbito de política social reclaman recuperar os dereitos recortados no V Convenio Colectivo Único, mediante a reapertura da mesa de negociación, pero levan xa 18 xornadas pedíndolle a Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia unha reunión para tratar este tema sen obter por parte do Goberno ningunha resposta.

As persoas traballadoras da Xunta de Galicia, do ámbito da política social reclaman, ademais de medios e material, un aumento urxente de cadro de persoal.

Dende o ano 2012 amortizáronse en torno a unhas 700 prazas nos centros de atención directa da Consellería.



Solicitan polo tanto, a convocatoria de OPE para renovar os cadros de persoal e que as prazas se cubran con contratos estables, xa que neste momento ten un cadro de persoal de case 3.000 persoas pero onde só 300 son fixas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai reunirse a conselleira de Política Social cos representantes das persoas traballadoras da Xunta de Galicia, do ámbito da política social?
2. Vai o Goberno galego reabrir a mesa de negociación co fin de derrogar a Lei galega 1/12, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia?
3. Como valora a Xunta as condicións laborais nas que se atopan as e os traballadores do ámbito da política social da Xunta de Galicia?
4. Como valora a Xunta de Galicia o traballo feito polos traballadores e traballadoras do ámbito social dende o inicio da pandemia?
5. Entende a Xunta de Galicia a necesidade de aumentar o número de prazas de traballadoras e traballadores do ámbito social da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/10/2020 10:58:01

Marina Ortega Otero na data 30/10/2020 10:58:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2020 11:07:29
Nº Rexistro: 4494
Data envío: 30/10/2020 11:07:29.103

Pablo Arangüena Fernández na data 30/10/2020 10:58:22

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á publicación da avaliación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2019-2020..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 4 de agosto de 2016 o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020, un documento que recolle as medidas e accións encamiñadas á implantación e consolidación do uso do idioma galego no sector económico a partir das directrices establecidas no sector 4 do *Plan xeral de normalización da lingua galega*, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia no ano 2004.

Este Plan presentábase como un conxunto de medidas dirixidas a varias áreas económicas, focadas ao redor de tres obxectivos estratéxicos principais: *crear consciencia de que o uso do galego favorece os resultados e obxectivos empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias; estender o uso da lingua galega no ámbito económico, nas relacións laborais, comerciais e empresariais, tanto na oferta coma na demanda de produtos e servizos; utilizar o idioma para impulsar unha imaxe de marca diferencial propia de Galicia e os*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seus produtos vinculada á calidade e á innovación e que lles transmita confianza ás persoas consumidoras e ao empresariado.

O cronograma e mais o capítulo orzamentario, calendarizado anual e cuadrienalmente, a concreción das medidas só para os anos 2016-2017, así como os indicadores para a posterior avaliación da execución complementan o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020.

Unha vez que está a piques de concluír a aplicación temporal deste plan, cómpre achegar a memoria de avaliación, así como a necesidade de deseñar unha nova planificación da súa continuidade ou a reversión.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galiza do desenvolvemento do Plan de dinamización da lingua galega no tecido empresarial 2016-2020 do punto de vista do avance normalizador da lingua galega?

2. Entende o goberno galego que serviu para afianzar os puntos fortes do galego no tecido económico enunciados no Plan? E para resolver os seus puntos febles?

3. Cotexou o goberno a súa valoración coas entidades implicadas na elaboración do devandito Plan?

4. Confirma o goberno a consecución dos tres obxectivos principais deste Plan?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

5. Como valora a Xunta de Galiza o nivel de impulso do idioma galego nas actuacións empresariais de cara á súa normalización?

6. Que proxectos contempla o goberno galego no ámbito da normalización da lingua galega no tecido económico unha vez completada a aplicación deste Plan?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/10/2020 12:19:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/10/2020 12:20:38

Daniel Castro García na data 30/10/2020 12:20:47



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dentro das distintas iniciativas que colectivos, institucións e asociacións de todo tipo están tendo para colaborar na loita contra a pandemia, o colectivo de estudantes de enfermería da universidade galega está participando, coordinado polas universidades, nunha campaña de cribado masivo de estudantes. Este cribado chega a volumes moi elevados (só no campus de Santiago calcúlanse en torno a 20.000 probas) que o Sergas tería dificultades para acadar se non fora por esta colaboración de universidade e estudantes.

Non en tanto, lonxe de facilitar as medidas necesarias de protección ou recursos materiais, e de recoñecer de maneira clara e efectiva este labor, tanto universidades como estudantes atópanse desprotexidos por parte da Xunta de Galicia.

No que corresponde ao alumnado é difícil comprender por que o labor que están a desenvolver non pode contabilizarse como prácticas executadas, que é un elemento fundamental na súa formación, e por que a Xunta de Galicia pon trabas e impide que se desenvolvan prácticas en centros sanitarios pero, á vez, négase a validar como labor práctica a que están facendo neste momento o colectivo de estudantes.

As universidades, pola súa banda, asisten pasmosas ao desleixo da Xunta de Galicia, que apenas devolve ningunha información sobre a recepción de resultados, a evolución da situación ou a preocupación por facilitar medios e recursos. Cabe ter en conta que as universidades chegaron a parar as súas campañas de vacinación da gripe para axudar neste cribado.

Por último, respecto dos resultados, non hai información oficial da Xunta de Galicia sobre os datos recibidos e o seu procesamento. Durante semanas a Xunta de Galicia vén difundindo información sinalando ás e aos estudantes universitarios como foco de contaxios masivos e culpables da expansión do virus entre a poboación, nomeadamente en Santiago de Compostela. Os resultados provisionais, segundo a información do propio persoal que participa nos cribados,



non apoia firmemente esa hipótese, polo que quedaría en suspenso a idea de poder determinar esta fonte de contactos como determinante.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galicia bloquea a posibilidade de que o colectivo de estudantes de enfermería que participa no cribado masivo contra a covid-19 poida validar esta actuación como práctica profesional?
2. Por que a Xunta de Galicia desentendeuse de facilitar información e medios ás universidades que están colaborando tan activamente cos cribados masivos contra a covid-19?
3. Ten a Xunta de Galicia os datos suficientes para poder validar a hipótese que difundiu nas últimas semanas de que os estudantes da universidade eran un grave foco de contaxios masivos?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noa Díaz Varela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/10/2020 13:17:49

Noa Susana Díaz Varela na data 30/10/2020 13:17:57

Marina Ortega Otero na data 30/10/2020 13:18:08



Á Mesa do Parlamento

Isaura Abelairas Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta por **escrito**.

O edificio Teixugueiras 15-17, sito en Vigo, é propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) nun 51,03 %, sendo no seu día o dito organismo tamén promotor da construción do inmovible. Dende hai moito tempo existen multitude de deficiencias: problemas coa instalación de ventilación para 384 vivendas, problemas coa instalación de captación solar e problemas de mantemento xeral que están a orixinar patoloxías que semella requiren un estudo xeral da situación do edificio. A maiores, o IGVS debe á comunidade de propietarios a cantidade de 31.788,49 euros (no mes de novembro de 2019); pese a iso, a reunión anual da comunidade non se celebrou o pasado ano.

Tanto as persoas propietarias (os que presentan reiteradas queixas por escrito), como a entidade encargada da administración do edificio, como o propio IGVS teñen coñecemento desta situación, mais nada se fai. E a esixencia de responsabilidade polos defectos na construción rematará o día 14 de xullo de 2020.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da situación do edificio Teixugueiras 15-17 (en Vigo) e propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) nun 51,03 %?
2. Que pensa facer o Goberno? Cando?
3. Van retirar os 72 bolardos que colocaron no garaxe?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro do 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2020 13:41:54
Nº Rexistro: 4513
Data envío: 30/10/2020 13:41:54.617

Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 30/10/2020 13:21:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/10/2020 13:21:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación do colectivo de investigadores en Galicia atópase en situación extremadamente precaria, agravándose progresivamente nos últimos anos. Dentro do eido sanitario o escenario é igualmente preocupante, a pesares da claridade con que estamos coñecendo a relevancia do traballo investigador para o avance das ciencias biomédicas e a súa repercusión sobre a nosa vida.

Nos últimos dous anos, a partida orzamentaria para investigación sanitaria da USC (621B) ven de reducirse nun 11,5 % sen que exista ningunha autocrítica por parte do goberno autonómico nas sesións en que tivo que dar explicacións parlamentarias a preguntas do Grupo Parlamentario socialista. A dependencia extrema de financiación doutras institucións, como a Unión Europea, e de fondos que se conseguen pola labor dos investigadores/as que a propia Xunta de Galicia mantén en condicións precarias, fai que os datos destas partidas autonómicas varíen extremadamente.

Dentro destas circunstancias, a investigación sanitaria en Galicia atópase garantan a través dun entramado legal que facilita a ausencia de control que garanta estabilidade e solidez laboral para os/as profesionais. Existen tres fundacións de investigación: FIDIS en Santiago, Fundación Profesor Novoa Santos en Coruña e Fundación Biomédica Sur con sede en Vigo, que concentran a un gran número de profesionais do eido da investigación en áreas biomédicas. Non entanto estas fundacións están formadas como entidades privadas, a pesares de estar sitas en centros públicos (centros hospitalarios), traballar con medios públicos, desenvolver a súa actividade no eido público e que os seus padroados sexan institucións públicas. Estes profesionais, máis de medio millar, están contratados sen un convenio que os regule, sometidos á necesidade de buscarse a súa propia financiación a través de proxectos nacionais e internacionais, e baixo condicións laborais mínimas.

O traballo deste colectivo de investigadores/as para conquistar unhas condicións laborais mínimas pasa pola sinatura e posta en marcha dun convenio laboral unificado para as tres fundacións e todo o persoal que as integra, labor que



empezaron a tentar de negociar hai un ano e medio pero na que non conseguen ningunha concreción real por parte da administración autonómica.

Esta situación é difícil de constatar a través dos orzamentos autonómicos, que poderían dar resposta a esta demanda, porque a Xunta de Galicia oculta os orzamentos das tres fundacións e non os presenta. Esta anomalía orzamentaria é reiteradamente apuntada polo Consello de Contas, sen obter ningunha resposta nin reacción por parte da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia a inexistencia dun convenio laboral para as fundacións de investigación sanitaria que permite a situación de precariedade do noso persoal investigador?
2. Por que non se ten pechado este convenio para o persoal das fundacións de investigación biomédica?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia recuperar o descenso na partida orzamentaria de investigación sanitaria nos últimos dous anos?
4. Por que a Xunta de Galicia non inclúe ás fundacións biomédicas de Galicia nos proxectos de orzamentos que presenta anualmente? Ten previsto modificar isto a partir dos vindeiros orzamentos de 2021?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noa Díaz Varela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/10/2020 18:04:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2020 18:10:40
Nº Rexistro: 4522
Data envío: 30/10/2020 18:10:40.394

Noa Susana Díaz Varela na data 30/10/2020 18:04:08

Marina Ortega Otero na data 30/10/2020 18:04:19

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Despois da primeira onda da pandemia provocada pola covid as medidas sanitarias e sociais implantadas están recibindo un tímido apoio por parte da Xunta de Galicia. Esta situación está dificultando a maior eficacia posible ante a nova onda, e o sistema sanitario público de Galicia está ante un novo reto que afrontar en condicións limitantes.

A inconcreción sobre o número de rastrexadores existentes no Sergas, sobre os que Núñez Feijoo afirmou que Galicia tiña máis de 6.000 pero dende a Consellería de Sanidade se lembrou despois que “non se podía dar un número exacto porque non hai contratados con esa figura ningún profesional”, provoca que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que peor datos rexistra sobre coñecemento da orixe dos contaxios, non identificando 2 de cada 3 orixes de infección por covid-19.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira CCAA con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. O ano pasado, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.



Con todo isto a atención primaria, que leva anos sendo obxecto de numerosas reclamacións, ve como os centros de saúde permanecen maioritariamente pechados e a atención telefónica pretende cubrir a asistencia sanitaria maioritaria. Con isto as e os pacientes crónicos están tendo dificultades para ser atendidos, e incluso están existindo problemas para conseguir citas para renovación de receitas para os seus tratamentos. Numerosos colectivos médicos están amosando o seu malestar, e como conxunto de todas as súas reivindicacións o maior sindicato médico de Galicia (CESM) vén de iniciar unha folga indefinida nalgúns días de traballo para reivindicar melloras nas condicións laborais e de asistencia.

É preciso recuperar toda a atención presencial posible, porque non é substituíble pola atención telefónica (nos casos en que esta pódese conseguir). Os anuncios do Goberno galego, nomeadamente por parte de Núñez Feijoo, de que a atención sanitaria debe tender a ser telemática causan moita incerteza.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Está sendo consciente a Xunta de Galicia dos problemas que está a xerar a inexistencia de atención presencial nos centros de saúde de primaria?
2. Cando ten previsto a Xunta de Galicia iniciar a recuperación da atención primaria presencial?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/10/2020 18:33:32

Marina Ortega Otero na data 30/10/2020 18:33:39



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Na vila de Redondela existen dúas estradas de titularidade autonómica que están totalmente abandonadas, a PO-363, Avenida Mendiño e o resto do tramo Redondela-Cesantes, e a PO-250, estrada a Pazos de Borbén tramo ata Redondela. Estas dúas estradas necesitan a mellora urxente por parte da Xunta de Galicia.

A estrada PO-363 nas vésperas das eleccións municipais de 2019 o entón alcalde, Javier Bas e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade anunciaban as inminentes obras de remodelación desta avenida que segundo o ex-alcalde comezarían en xuño. O novo Goberno municipal de Redondela intentou en múltiples ocasións que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade enviase o borrador do convenio, pero non tiveron contestación ata marzo deste ano.

O 24 de marzo do 2020 tivo entrada a comunicación dirixida a alcaldesa dende a Axencia Galega de Infraestruturas, na que se require a conformidade do Concello de Redondela co texto proposto de convenio para realizar obras para a mellora da seguridade viaria e reordenación da PO-363. Treito: Redondela - praia de Cesantes por un importe total de 1.594.713,10 €, así como a certificación da retención de crédito correspondente ao cofinanciamento da actuación por parte do Concello.

No que á conformidade do texto do convenio fai referencia, a secretaria municipal advertiu unha serie de cuestións xurídicas que, segundo a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público “necesitaban da súa modificación ou incorporación ao texto do convenio” tales como a determinación nas cláusulas do convenio das competencias da Xunta de Galicia e Concello respecto a actuación de que se trata, tendo en conta, sinala o Concello “que neste caso a estrada obxecto de actuación (...) é de titularidade da Xunta de Galicia”.

Doutra banda, faise referencia a que o importe que corresponde ao Concello “correspóndese cos custos dos servizos municipais de abastecemento e saneamento, así como o 50 % do importe do alumeado, nas cláusulas do convenio se engadía a semaforización”. Nese senso, o Concello sinalaba que dita



semaforización “non forma parte dos servizos municipais de prestación mínima, polo que debía eliminarse dita referencia”.

Finalmente indicábase que non prevé o texto do convenio a imputación orzamentaria concreta da achega da AXI de acordo co apartado d) do artigo 49 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todas estas apreciacións foron enviadas á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, mediante escrito da Alcaldía remitido o 16 de abril de 2020.

Polo tanto, sinala o Concello de Redondela, non procede a emisión da retención de crédito da achega do Concello de Redondela, “ata ter o texto definitivo do convenio, xa que ademais podería incluso variar a contía da achega municipal definitiva, ao eliminar os custos correspondentes á rede semafórica, no seu caso”.

A este escrito do mes de abril no que se achegaban as apreciacións do Concello para ser incluídas no convenio ou modificado o seu texto, a día de hoxe non ten resposta, pese a ter constancia de que foi recibido na Axencia Galega de Infraestruturas.

Sobre a PO-250 o Concello solicitou varias veces a mellora do primeiro tramo polo seu alto perigos para os e as peóns e pola caída dun muro expropiado. Neste momento o vial segue sen ser ampliado nin arranxado.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza que demanda unha solución ao problema. A Xunta de Galicia ten que arranxar estas dúas estradas de titularidade autonómica situadas no concello de Redondela para mellorar a mobilidade das veciñas e veciños desta vila.

Por todo isto esiximos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se envíe o convenio de forma inmediata ao Concello de Redondela para poder arranxar a PO-363 e comezar as obras de xeito urxente na PO-250 dado o seu perigo.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai incluír a Xunta de Galicia nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 un orzamento suficiente para executar as obras das estradas PO-363 e da PO-250, que permitiría mellorara mobilidade e seguridade en Redondela?



2. Ten pensado a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade remitir de forma urxente o convenio da estrada PO-363 ao Concello de Redondela?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/10/2020 19:08:53

Patricia Otero Rodríguez na data 30/10/2020 19:08:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/10/2020 19:09:10



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Leticia Gallego Sanromán e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A ciencia e a innovación son as principais pancas do progreso social e económico, tal como se demostra coa correlación entre o benestar dun país e a súa inversión en I+D+i.

Diante do protagonismo e o interese social e económico que ten espertado a ciencia e a innovación, é hora de chegar a acordo para as reformas pendentes sobre as que hai un gran consenso académico e tamén político, cando menos este é o desexo do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Neste momento de reconstrución, de reactivación tras a pandemia, atopámonos cun sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación debilitado que necesita dun reforzo urxente e de reformas estruturais.

É primordial fortalecer e multiplicar os instrumentos para o fomento da inversión privada en I+D+I, especialmente agora que a economía española (e por suposto a galega) necesita dun relanzamento inmediato baseado no coñecemento, capaz de manter e desenvolver as capacidades das nosas empresas.

De igual xeito é fundamental definir unha carreira estable para as persoas investigadoras, con contratos estables e avaliacións xustas e inclusivas. De pouco vale formar investigadores se logo acaban na emigración.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a nosa Comunidade Autónoma, da man dos axentes sociais, debe participar activamente no deseño das políticas de reformas, proxectos, plans e inversións no ámbito da innovación e investigación, nun contexto de cooperación e sincronización coas accións que se adopten no Estado e no conxunto da Unión Europea.

É importante que neste redeseño das políticas de innovación se incorpore dun xeito prioritario a perspectiva de xénero, coa intención de que a reconstrución e recuperación cheguen de igual xeito a todas as persoas, sexan homes ou mulleres.



Gain, a Axencia Galega de Innovación, diante do actual contexto de pandemia, ten impulsado unha liña de axudas a proxectos de investigación e innovadores así como determinados programas (aceleradora CONNET-19), proxectos que responden basicamente a liñas de financiación ligada a fondos europeos e onde a participación orzamentaria da Xunta de Galicia é escasa.

Vinculado a actividade económica, a Xunta de Galicia ten impulsado Plans de Dixitalización dirixidos a transformación dixital de autónomos e pequenas e medianas empresas e a internacionalización dixital das empresas, coa intención de facilitar a presenza en mercados exteriores.

Dende este grupo parlamentario non cuestionamos a razón e posta en marcha destes proxectos, cuestionamos o seu escaso impacto, a escasa financiación e pouca profundidade dos mesmos.

Segundo datos da Fundación pola Innovación (Cotec), Galicia sitúase á cola do Estado (detrás de Estremadura) no impacto do I+D nas empresas, iso a pesar de que Galicia se atopa no tramo alto en gasto público en universidades e sobresaes cunha man de obra cualificada e mellor formada, é dicir, o esforzo investigador e innovador non se traduce en novos produtos ou en exportacións de alto valor engadido ou patentes.

Con datos desta fundación, reflexados no Mapa de Talento elaborado no ano 2019, empregando un conxunto de indicadores agrupados, Galicia sitúase no furgón de cola no listado de comunidades autónomas sobre atracción e retención de talento.

O índice obtido para cada comunidade constrúese a partir de 52 indicadores agrupados en seis pilares fundamentais que condicionan o talento: facilitar, atraer, facer crecer, reter, capacidades e vocacións técnicas dispoñibles.

Na publicación de Indicadores relativos a I+ D que fai o Instituto Galego de Estatística, o gasto de Galicia en relación o PIB foi no ano 2018 do 0,94 % fronte a 1,24 % en España e un 2,18 % de media na Unión Europea. Un gasto en I+D por debaixo do ano 2007, cando se situaba no 1,04 % do PIB galego.

O gasto en innovación tecnolóxica no ano 2017, ascendeu os 526,5 millóns de euros, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE publicados en setembro do ano 2019)



Deste modo, o incremento do gasto na Comunidade galega está por debaixo do avance medio en España, que sube un 7 %.

O peso de Galicia no gasto en innovación tecnolóxica en España foi do 3,6 %. En Galicia, había 853 empresas con actividades innovadoras en 2017, un 0,69 % do total de empresas galegas. Esta taxa é inferior á existente en España (0,87 %).

No actual escenario de crise económica derivada da covid-19, parte dos fondos de reconstrución (140.000 millóns de euros no conxunto do Estado) serán orientados a proxectos ligados a transformación dixital e tecnolóxica da nosa economía e proxectos tractores para activar o cambio de modelo produtivo. Irremediabilmente a aposta pola I+D+i, será aposta polo futuro do país e Galicia non debe nin pode quedar atrás.

O teito de gasto aprobado pola Xunta de Galicia para o ano 2021, incrementa en 1.500 millóns de euros a capacidade de gasto respecto o ano 2020, marxe suficiente para incrementar as partidas dedicadas a I+D+i.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Considera o Goberno galego que unha vez que a Xunta de Galicia ten aprobado un teito de gasto para o ano 2021 que implementa 1.500 millóns de euros respecto do ano 2020, débese facer un esforzo orzamentario para que as partidas dedicadas a I+D+i se incrementen nun porcentaxe cando menos non inferior ao incremento do gasto non financeiro?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Leticia Gallego Sanromán
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Juan Carlos Francisco Rivera na data 30/10/2020 19:24:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/10/2020 19:24:57

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/10/2020 19:25:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a avaliación do desenvolvemento do Plan de Dinamización da Lingua galega na Mocidade 2019-2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A xente nova constitúe un grupo fundamental para o futuro do galego, polo que resulta crucial desenvolver actuacións a prol do seu coñecemento, valoración e uso en todos os ámbitos por parte da mocidade”.

Así comeza a presentación do *Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022* co que o goberno pretende incrementar a presenza e o uso do galego nos espazos de maior interese ou máis atractivos para mozas e mozos cunha idade comprendida entre os 14 e os 30 anos.

Inserido no marco do *Plan xeral de normalización da lingua galega*, defínese como un proxecto unitario da Xunta de Galiza no que todo o goberno galego estará involucrado, ao tempo que busca a participación activa e o compromiso de todas as administracións, entidades públicas e organizacións sociais que interveñen no ámbito da mocidade, para crear unha dinámica de actuación encamiñada a aumentar o uso do galego entre mozas e mozos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diferentes áreas e medidas de actuación articulan neste plan a necesidade de crear espazos de uso para que a mocidade poida iniciarse como galegofalantes, así como para que aquela que xa o é manteña a súa lingua habitual e vexa reforzada as súas prácticas lingüísticas en diferentes contextos. Así mesmo, o presente plan dedicará unha parte importante dos seus esforzos a atender o fenómeno social do neofalantismo.

Mediado o prazo de desenvolvemento deste *Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022*, entendemos que é preciso coñecer o informe de seguimento que, con periodicidade anual está a levar a cabo o goberno galego mediante a creación dunha comisión, tal e como se recolle no devandito plan.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que avaliación anual presenta o goberno galego da aplicación do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022?

Que grao de implicación co conxunto da sociedade ten conseguido este plan?

Que nivel de implicación transversal ten desenvolvido por parte da Xunta de Galiza?

Cal é o nivel de impacto na consecución dos obxectivos a través das diferentes medidas en cada área de intervención?

Contemplan a posibilidade de intervir na redacción inicial do plan para o adaptar a posteriores informes de coñecemento e uso da lingua galega na mocidade?

Contemplan a posibilidade de adaptar o desenvolvemento ao tempo covid actual?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A avaliación parcial do plan permite albiscar avances no ámbito da normalización lingüística na mocidade?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/11/2020 09:23:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/11/2020 09:23:38

Daniel Castro García na data 02/11/2020 09:23:46



À Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Ribeira Sacra foi declarada Patrimonio Histórico en 1923 e é dende 2018 Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de Paisaxe Cultural; recoñecementos aos que en breve debera sumarse a declaración como Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

O Programa Patrimonio da Humanidade foi constituído coa Convención para a Cooperación Internacional na Protección da Herdanza Cultural e Natural da Humanidade, adoptada pola Conferencia Xeral da UNESCO o 16 de novembro de 1972 co obxectivo de protexer, preservar e difundir lugares e eidos de singular relevancia cultural.

As singulares características morfolóxicas, artísticas, históricas, paisaxísticas e mesmo gastronómicas da Ribeira Sacra fana sen dúbida merecedora da protección e do recoñecemento que ofrece ser declarada Patrimonio da Humanidade, que servirá para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e axudará a preservar os seus valores históricos, etnográficos e paisaxísticos.

Mais esa Declaración esixe dunha escrupulosa protección e conservación da paisaxe, do medio e do seu patrimonio, que nestes momentos periga por un proxecto da Deputación Provincial de Ourense de acondicionamento e mellora integral da estrada de acceso a San Pedro de Rocas (Esgos). O dito proxecto, que ten a única finalidade de facilitar o tránsito de autobuses de gran porte ata o mosteiro, suporá a tala de 83 árbores emprazados nas beiras da actual estrada, a afectación da Casa da Coutada e a súa contorna e a destrución de solo arqueolóxico nunha extensión aínda por calcular.

Con esta pretendida actuación demóstrase o concepto que a Deputación de Ourense gobernada polo Sr. Baltar, do Partido Popular, ten acerca do patrimonio: un ben que debe ser posto a disposición do público de maneira indiscriminada para fomentar un turismo masivo que levará finalmente á destrución do patrimonio. Sorprende isto co que o presidente da Xunta de Galicia -do mesmo



partido que o Sr. Baltar- aseguraba no ano 2017, cando nunha visita ao mosteiro de San Pedro de Rocas afirmaba que o protexería racionalizando as súas visitas.

Pero é que ademais, tal e como denunciaban este días múltiples asociacións civís de defensa do patrimonio, entre elas Amigos da Terra ou a Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego, “o gran complexo rupestre de San Pedro de Rocas, que abarca polo menos 30 hectáreas, xustifica e argumenta a través da investigación científica os criterios III e IV do expediente de candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial pola UNESCO, demostrando as súas orixes sacras, tanto na súa vertente pagá como cristiá, remontándose cando menos ao 10.000 a. c.”.

Resulta inaudito, xa que logo, que a mesma Administración que impulsa e apoia a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade pretenda perpetrar un atentado patrimonial coma este, e que o faga ademais baixo a xustificación da preservación do Patrimonio Natural. Non se preserva o patrimonio facilitando o acceso a un turismo masivo, algo sobre o que alerta a propia Unesco, senón protexéndoo e minimizando os seus posibles riscos.

É de agardar que a Dirección Xeral de Patrimonio, á que lle corresponde coordinar as actuacións en materia de patrimonio artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en todas as súas manifestacións, se implique na paralización deste proxecto realizando, coa maior transparencia, un informe sobre esta actuación a todas luces innecesaria que afecta a un patrimonio cultural excepcional e de valor incalculable.

Por iso a deputada e o deputado que asina solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Dirección Xeral de Patrimonio do proxecto da Deputación Provincial de Ourense para modificar o acceso a San Pedro de Rocas?

2ª) Realizou a Dirección Xeral de Patrimonio algún informe que acredite a necesidade e urxencia desta obra?

3ª) É consciente a Xunta de Galicia de que con esta obra periga a Declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade?

4ª) Pensa facer algo ao respecto a Xunta de Galicia?



Parlamento de Galicia, 29 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/10/2020 20:47:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/10/2020 20:47:49

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/10/2020 20:48:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a rexeneración ambiental, mellora do saneamento e depuración da Foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Foz do Miñor é unha zona húmida, un ecosistema de esteiro que conforma unha marisma formada polos ríos Miñor, Groba e Belesar, que conxuntamente verten á enseada de Baiona, na Ría de Vigo.

Desde febreiro de 1999 parte do espazo da Foz forma parte da Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa E11400003), recollendo sete Hábitats ou especies de interese comunitario. O espazo incluído na Rede Natura cunha superficie de 91 ha, e existe unha proposta de ampliación de 38 ha que non se chegou a efectivizar.

A zona da Foz está incluída no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de Galiza, clasificada como zona C desde o ano 2007, o que impide a comercialización en fresco dos recursos. O INTECMAR chegou a cualificar a situación da Foz como “peor ca mala”.

2. As marismas e humidais constitúen un ecosistema de grande interese ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre os seus valores cabe destacar os de filtro natural, fonte de calidade de vida e biodiversidade, protector ambiental; valores paisaxísticos, culturais e de lecer. Durante séculos o ríos e a Foz forneceron recursos hídricos, marisqueiros e piscícolas á poboación do Val Miñor.

Desde os anos 60 do século XX, a Foz comezou a sufrir un proceso de deterioro que se concretou en múltiples agresións:

- Espolio e destrución dos sistemas dunares.
- Recheos nas marxes para viais e zonas de estacionamento.
- Canalizacións de treitos dos ríos.
- Instalacións dun cámping na contorna.

Por outra parte, o incremento da poboación e a presión das actividades residenciais, industriais e turísticas na contorna non se acompañaron dunha axeitada planificación e execución de dotacións de saneamento e depuración, o que deriva nunha situación crítica de contaminación, principalmente por vertidos de augas fecais.

3. No ano 2018, a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e o grupo Ecotox, baixo a dirección do profesor Ricardo Beiras García-Sabell, realizaron un estudo denominado *Avaliación microbiolóxica do impacto das augas residuais fecais no esteiro do Miñor, zona GAL 11-03. Parte 1: concello de Baiona*. O estudo foi financiado polo concello de Baiona, mais en realidade tratábase dun avance dun estudo máis amplo que non chegou a realizarse por falta de financiamento.

Entre as conclusións desta avaliación cabe sinalar as seguintes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desde o punto de vista da contaminación por augas fecais, a contorna da Foz do Miñor presenta unha situación análoga a un sumidoiro a ceo aberto.

- A maior cantidade de contaminación á Foz é achegada polo río Miñor: en período estival aproximadamente o 63%, e en outubro o 77% das bacterias fecais.

- O río Miñor ao seu paso polo punto de vertido da EDAR de Gondomar presenta xa niveis intolerabelmente altos de bacterias fecais, e estes niveis incrementáanse en máis dun 50% augas abaixo do vertido da EDAR.

4. Para poñer freo á degradación e deterioro ambiental e para esixir actuacións das administracións públicas, a veciñanza do Val Miñor constituíu en 2016 a Plataforma pola Protección da Foz do Miñor. Entre outros documentos impulsaron unha moción para presentar nos concellos e un Decálogo que foi traslado aos grupos políticos para incluír nos seus programas.

Por tratarse dun espazo integrado na Rede Natura 2000 e pola súa importancia ambiental, social, cultural e produtiva, e tendo en conta que as actuacións necesarias para rexenerar este espazo son de ámbito supramunicipal, a Xunta de Galiza debe liderar un proxecto de saneamento e recuperación da Foz do Miñor, en coordinación cos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar e contando coa participación das entidades sociais de defensa da Foz.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que estudos e análises fixo a Xunta de Galiza sobre o estado ambiental e a contaminación da Foz do Miñor e cal foi o resultado destes estudos?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñece a Xunta de Galiza o estudo realizado pola Universidade de Vigo (ECIMAT e grupo ECOTOX) sobre a contaminación por bacterias fecais da Foz do Miñor?

Considera o goberno galego que un espazo de grande valor natural, unha zona de potencialidade pesqueira e marisqueira, e unha zona densamente habitada e de grande afluencia turística pode estar nestas condicións de contaminación?

Fixo Augas de Galiza algún estudo sobre o estado e as deficiencias da rede de saneamento e depuración dos concellos que verten aos ríos Miñor, Groba e Belesar, así co o á Foz?

Fixo Augas de Galiza algún estudo sobre o funcionamento e posíbeis deficiencias da EDAR de Gondomar?

Cantos vertidos contaminantes ten localizados Augas de Galiza nesta zona?

Ten previsto Augas de Galiza facer investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á Foz do Miñor?

Ten previsto o goberno galego elaborar e aprobar un Plan de rexeneración e mellora ambiental da Foz do Miñor?

Ten previsto o goberno galego elaborar e aprobar o Plan de xestión do LIC A Ramallosa, catalogado como Rede Natura 2000?

Ten prevista o goberno galego a ampliación do citado LIC?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Carme González Iglesias
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2020 11:12:27

María do Carme González Iglesias na data 02/11/2020 11:12:38

Alexandra Fernández Gómez na data 02/11/2020 11:12:45

Paulo Ríos Santomé na data 02/11/2020 11:12:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a campaña da extracción da mexilla.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A menos dun mes para o comezo da campaña da extracción da mexilla aínda están preto os conflitos vividos entre bateeiros e percebeiros na última e tamén en anos anteriores.

Os meses da primavera deste ano foron especialmente virulentos e vivíronse desavinzas moi graves entre os dous sectores en moitas zonas da costa galega.

E aínda despois de que a Consellaría do Mar tentara mediar entre eles, e aparentemente despois dun acordo entre as partes, os momentos de tensión seguíronse reproducindo.

O conflito xorde ao coincidir en determinadas zonas as autorizacións para a extracción da mexilla cos plans do percebe, e considerar que unha actividade prexudica o outro recurso.

A pesar de estar regulada tanto a extracción da mexilla en bancos naturais como a do percebe, nunca deixaron de agromar os desacordos entre os dous sectores. É unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación que se repite e que, a maiores das económicas, ten graves consecuencias sociais e de convivencia.

No mes de xuño deste ano, e despois de ter reunido a bateiros e percebeiros e acadar unha solución transitoria ao conflito que non satisfixo por completo a ningún deles, a Consellaría comprometeuse publicamente a crear, de cara ao futuro, unha mesa de traballo na que se analizaran con ambos sectores as zonas sensíbeis para tratar de evitar que os enfrontamentos se volveran a repetir.

O vindeiro 1 de decembro comeza a nova campaña de extracción da mexilla e se existen conclusións e acordos acadados nesa mesa de traballo deberan xa ser públicos e, sobre todo, coñecidos polos sectores implicados.

Comezar a campaña tendo xa acordado cal vai a ser o camiño a seguir tanto por uns como por outros, saber a que aterse, sen dúbida contribuiría a que o conflito doutras ocasións desaparecese ou, cando menos, fose o mínimo posíbel.

Non entanto, nin bateiros nin percebeiros aseguran que o problema estea resolto e manifestan moitas dúbidas respecto do desenvolvemento da campaña que está a piques de comezar.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza dende o mes de xuño deste ano para resolver definitivamente a problemática que a extracción da mexilla vén xerando entre bateiros e percebeiros na costa galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Constituíuse a mesa de traballo anunciada pola Consellaría do Mar no mes de xuño? De ser así, a que conclusións chegou?

Considera o Goberno galego que o conflito entre bateiros e percebeiros que se vén producindo dende hai anos, pode volver a darse na campaña que comeza o 1 de decembro?

Ten xa o Goberno galego establecidas as normas específicas da extracción da mexilla a partir do vindeiro mes de decembro? Están acordadas cos sectores bateiro e percebeiro?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 02/11/2020 11:52:49

María do Carme González Iglesias na data 02/11/2020 11:53:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 02/11/2020 11:53:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o apoio da Xunta de Galiza ao sector do xogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de outubro o presidente da Xunta participou no acto de apertura do VII Encontro das empresas do xogo, cunha intervención na que louvou o xogo como “unha actividade importante, responsábel, ordenada e que xera riqueza”.

Segundo o comunicado feito público pola asociación organizadora, AGEO, o vicepresidente da Xunta comprometeuse a estudar a fiscalidade do sector, a respecto da demanda das empresas de redución do 50% da taxa fiscal do xogo até decembro de 2021.

Nun artigo publicado na prensa días despois, o presidente da Asociación Galega de Empresas Operadoras (AGEO), indicou que “a administración escoitounos, destacounos como empresarios exemplares na creación de riqueza e emprego en Galiza e, así mesmo, recoñeceu o noso traballo establecendo estritos protocolos sanitarios e de control para garantir a seguridade dos nosos clientes”.

Neste artigo, o representante da patronal do xogo refírese ao anteproxecto de Lei do xogo de Galiza, actualmente en tramitación, e fai constar que “non fan falta máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas de control das xa existentes e temos claro que un dispositivo de control para as máquinas B en hostalaría sería un ataque directo aos nosos negocios”.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o goberno da Xunta que o xogo é unha actividade importante e responsábel?

Ademais da compoñente económica, a Xunta de Galiza ten en contra os demais aspectos do xogo e nomeadamente as consecuencias das ludopatías, especialmente na mocidade?

Cal foi a recadación fiscal da Xunta relacionada co xogo en 2019?

Ten previsto o goberno galego atender a demanda da patronal do xogo e aprobar a redución das taxas do xogo e administrativas até o 31 de decembro de 2021?

En caso de resposta afirmativa, cales son as reducións previstas?

Ten feito a Xunta algún estudo sobre a recadación e a fiscalidade das casas de apostas, salas de xogo e máquinas de xogo e apostas de hostalaría?

Ten previsto o goberno galego incluír no proxecto de lei do xogo a obriga de dispositivos de control para as máquinas B en hostalaría?

Considera necesario o goberno galego ampliar as distancias das salas de xogo e casas de apostas con respecto a centros educativos e zonas deportivas e de lecer, nunha separación maior da prevista no anteproxecto de lei do xogo?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que previsións ten o goberno galego en relación coa tramitación e aprobación do proxecto de lei do xogo?

Que programas desenvolve o goberno galego en relación coa prevención, sensibilización e educación en relación co xogo e o tratamento de ludopatías?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2020 12:36:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/11/2020 12:36:13

Iria Carreira Pazos na data 02/11/2020 12:36:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o risco de contaxio de Covid-19 nas granxas de visóns.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos diversos países europeos aprobaron normas que prohiben as granxas de visóns por razóns éticas e de benestar animal. No Estado español tamén se produciron nos últimos anos restricións a este tipo de industria, agás en Galiza que concentra aproximadamente o 90% da produción total. No noso país existen unhas 30 granxas, a maior parte na provincia da Coruña.

Ademais das citadas razóns éticas e de benestar animal, esta industria causa graves danos ambientais por tratarse dunha especie invasora que provocou unha drástica redución da poboación do visón europeo, da que no Estado español quedan menos de 500 exemplares.

Nos últimos meses tamén se puxo en evidencia o elevado risco destes animais para a saúde animal e humana, logo de que se coñecesen numerosos gromos de COVID 19 en granxas de visóns de Países Baixos, Dinamarca, Suecia, Estados Unidos e España. Segundo estudos científicos realizados nos Países Baixos e Dinamarca, existen evidencias da transmisión do virus de visóns a humanos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas adoptou o goberno galego en relación coa posibilidade de contaxio por COVID 19 nas granxas de visóns e co risco de contaxio por zoonose a animais e humanos?

Que medidas de prevención adoptou a Xunta en relación con estas granxas?

Cantos test se realizaron en granxas de visóns e cal foi o resultado?

Coñece a Xunta casos de contaxio de visións a humanos?

Comparte o goberno galego a necesidade de promover cambios normativos para prohibir as granxas de visóns e proceder ao peche das existentes?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2020 13:27:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 02/11/2020 13:27:09

Paulo Ríos Santomé na data 02/11/2020 13:27:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as deficiencias na atención e coidados dos residentes do Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes do Meixoeiro en Vigo e das súas carencias en canto a persoal e recursos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 243/1995 regula as condicións que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores en Galiza. Nel, establécense as ratios mínimas de persoal por usuario, situándoas en 0,20 para módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 para módulos destinados a persoas dependentes. A situación que se está a vivir neste momento nas residencias deixa en evidencia que estas ratios son a todas luces insuficientes para ofrecer unha atención e coidados dignos, e que cómpre unha resposta decidida e contundente por parte da Xunta de Galiza.

Proba disto é a situación que se está a vivir no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes do Meixoeiro en Vigo. Nos últimos meses, son dúcias as reclamacións presentadas polos familiares dos e das residentes, que denuncian unha atención deficiente por parte do centro, sen que até o de agora obtivesen ningún tipo de resposta por parte do centro ou da Administración. Os familiares das persoas residentes expresan nas súas queixas o seu malestar pola falta de comunicación co médico durante toda a pandemia, a mala xestión da comunicación dos resultados das probas PCR, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

falta de medicamentos ou a falta de saídas aos espazos exteriores dende o inicio da pandemia.

A política de mínimos na contratación que leva anos practicando a Xunta de Galiza e a escasa dotación de recursos, fixo con que a actual pandemia se afrontase sen marxe de acción por parte da Administración Pública, mais no caso do Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes do Meixoeiro esta dinámica viuse agravado pola falta de persoal especialista que arrastra dende hai anos. Velaquí algúns exemplos destas carencias: o servizo médico na franxa nocturna foi substituído polo 061; existen grandes eivas en médicos xeriatras, fisioterapeutas e psiquiatras; o persoal de enfermaría está a desenvolver tarefas que deberían corresponder a persoal de apoio e que impiden ás profesionais desenvolver eficazmente o seu traballo. O persoal sanitario tamén leva tempo reclamando unha mellora das súas condicións laborais e denuncian que non se están a cubrir as baixas por permisos, o que fai con que a sobrecarga de traballo dos profesionais impida dar un servizo axeitado, e son os usuarios da residencia os afectados, en última instancia, dun modelo pensado dende o punto de vista do mínimo gasto posible e non dende a vontade de prestar unha asistencia integral a todos os residentes.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten constancia a Xunta de Galiza das reclamacións dos familiares?

Como valora a Xunta de Galiza a situación que se está a vivir no Centro Residencial Atención Persoas Dependentes do Meixoeiro en Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cree que son suficientes os recursos e o persoal cos que conta esta residencia?

Como valora a Xunta de Galiza a situación das infraestruturas da residencia?

Pensa o Goberno galego aumentar a plantilla de profesionais sanitarios en xeral e nomeadamente en xeriatras, fisioterapeutas e psiquiatras na residencia?

Pensa o goberno galego dotar de máis persoal de apoio, que descargue as profesionais sanitarias de funcións que non son da súa competencia?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 02/11/2020 14:04:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2020 14:05:03

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2020 14:05:14

Iria Carreira Pazos na data 02/11/2020 14:05:22



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Carmen e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase na actualidade inmersa na segunda onda da pandemia provocada polo coronavirus Covid-19. Durante os pasados meses en Galicia, na primeira onda, o maior agravio provocado polo virus deuse nas residencias de maiores, e coma vítimas directas as persoas maiores residentes das mesmas. A porcentaxe de contaxios maior foi naqueles centros de atención residencial de carácter privado e cun maior número de ocupación. O número de falecementos por contaxios Covid-19 en residencias é case a metade dos contaxios da Covid-19 en Galicia, polo que é imprescindible abordar a cuestión de xeito transversal e coordinado. O certo é que estamos a novembro, e son numerosos xa os centros de atención residencial afectados pola Covid-19 sen control, chegando a casos abruptos que invaden a práctica totalidade das residencias afectadas, sen cambios significativos nos protocolos de actuación respecto á primeira onda da pandemia.

Na segunda onda da pandemia en Galicia o Grupo Parlamentario dos Socialistas presentamos iniciativas para poder obter datos do acontecido na mesma, para saber explicitamente os parámetros obxectivos de intervención dunha residencia ou non, para coñecer as actuacións previas en ditas residencias, para saber se a Xunta de Galicia aportou recursos humanos e materiais e cales en concreto, etc. Non obstante non existe información clara ao respecto sobre este tipo de asuntos. Un dos últimos centros de atención residencial afectados é o da Fundación Hospital Asilo Nosa Señora dos Anxos de Ribadavia.

É urxente tomar medidas por parte da Consellería de Política Social para garantir o aumento na ratio de persoal dos centros de atención residencial de xeito inmediato, así coma axilizar un protocolo que permita illar do propio centro residencial coa maior brevidade posible aos positivos detectados do centro en cuestión.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes pregunta:

- 1.^a) Considera a Xunta de Galicia eficiente a actuación por parte da Administración autonómica competente na materia, neste caso a Consellería de Política Social?
- 2.^a) Existen casos nos que a enfermidade complicouse e se derivaron ao CHUO pero volveron á propia residencia por decisión da Administración competente?
- 3.^a) Que parámetros obxectivos ten a consellería para intervir unha residencia con contaxios de Covid-19?
- 4.^a) Que medidas, se é que as hai, ten a Xunta de Galicia para a mellora de dito centro residencial?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/11/2020 17:44:16

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2020 17:44:35



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 52 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia atópase na actualidade inmersa na segunda onda da pandemia provocada polo coronavirus Covid-19. Durante os pasados meses en Galicia, na primeira onda, o maior agravio provocado polo virus deuse nas residencias de maiores, e coma vítimas directas as persoas maiores residentes das mesmas. A porcentaxe de contaxios maior foi naqueles centros de atención residencial de carácter privado e cun maior número de ocupación. O número de falecementos por contaxios Covid-19 en residencias é case a metade dos contaxios da Covid-19 en Galicia, polo que é imprescindible abordar a cuestión de xeito transversal e coordinado. O certo é que estamos a novembro, e son numerosos xa os centros de atención residencial afectados pola Covid-19 sen control, chegando a casos abruptos que invaden a práctica totalidade das residencias afectadas, sen cambios significativos nos protocolos de actuación respecto á primeira onda da pandemia.

Na segunda onda da pandemia en Galicia o Grupo Parlamentario dos Socialistas presentamos iniciativas para poder obter datos do acontecido na mesma, para saber explicitamente os parámetros obxectivos de intervención dunha residencia ou non, para coñecer as actuacións previas en ditas residencias, para saber se a Xunta de Galicia aportou recursos humanos e materiais e cales en concreto, etc. Non obstante non existe información clara ao respecto sobre este tipo de asuntos.

Datos recentes, sobre os brotes na Mariña Lucense, indican que na residencia de maiores de Cervo hai 33 casos positivos (25 usuarios 8 traballadores)

É urxente tomar medidas por parte da Consellería de Política Social para garantir o aumento na ratio de persoal dos centros de atención residencial de xeito inmediato, así coma axilizar un protocolo que permita illar do propio centro residencial coa maior brevidade posible aos positivos detectados do centro en cuestión.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera a Xunta de Galicia eficiente a actuación por parte da Administración autonómica competente na materia, neste caso a Consellería de Política Social?
- 2.^a) Que parámetros obxectivos ten a consellería para intervir unha residencia con contaxios de Covid-19?
- 3.^a) Que medidas, se é que as hai, ten a Xunta de Galicia para a mellora de dito centro residencial?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 02/11/2020 17:43:25

Patricia Otero Rodríguez na data 02/11/2020 17:43:37

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2020 17:43:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No mes de xullo de 2017 a Xunta de Galicia presentou a Estratexia Autónoma 2020 cun período de vixencia desde xullo de 2017 ata o 31 de decembro de 2020. A dita estratexia establecía tres retos: incorporar novas persoas e fortalecer o emprego autónomo, facilitar mellores condicións para as persoas autónomas e simplificar e axilizar a interacción co colectivo autónomo. Para a consecución destes retos, a Xunta de Galicia anunciaba un orzamento 2017-2020 de 160 millóns de euros (40 millóns de euros anuais) e unha estimación de 10.000 beneficiarios por ano.

Os datos publicados polo IGE sobre a afiliación media ao réxime de autónomos en Galicia revélanos que o número de persoas afiliadas en decembro de 2019 era de 209.287, é dicir 3.786 persoas menos que no mes de decembro de 2017, e no mes de febreiro deste ano era de 208.095, é dicir, 4.424 afiliados menos que en febreiro de 2018, polo que as previsións iniciais de chegar a 10.000 persoas beneficiarias parecía estar lonxe da súa consecución.

Coa declaración do estado de alarma derivada da pandemia da covid-19, que supuxo unha crise sanitaria mundial aparelhada dunha crise económica e dunha crise social sen precedentes, o colectivo de persoas autónomas é un dos máis afectados que sen as axudas das distintas administracións moitos deles veríanse abocados a pechar os seus negocios.

O 21 de outubro o presidente da Xunta de Galicia anunciou nunha xornada da APD (Asociación para el Progreso de la Dirección) que a Xunta activaría nas vindeiras semanas, dentro do Plan de reactivación económica, un rescate a autónomos e microempresas ante a crise xerada pola covid-19, dotado con 70 millóns de euros, 30 deles para autónomos e 40 para microempresas, durante os exercicios 2020 e 2021.

No Consello da Xunta desenvolvido posteriormente informouse de que “este plan para atender as necesidades máis urxentes de ata 50.000 persoas, consensuarase na mesa do autónomo e no seo do diálogo social”, establecéndose como un



complemento das prestacións establecidas no ámbito estatal, co que os beneficiarios percibirán entre 1.200 e 2.000 euros segundo a actividade e determinadas condicións; mentres que a segunda liña vai dirixida a microempresas ou persoas traballadoras autónomas con persoal contratado ao seu cargo que dende a declaración do estado de alarma teñan ou tivesen autorizado un expediente de regulación de emprego temporal pola covid-19, cunha serie de condicións. O plan establece os requisitos para as dúas liñas de axuda de manter a actividade económica e o emprego.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos resultados acadados pola Estratexia Autónomo 2020?

2ª) Canto leva gastado o Goberno galego sobre o inicialmente orzamentado desta estratexia?

3ª) Cales foron as accións implementadas, con que importe e cales son os resultados acadados con cada unha delas?

4ª) Xa se ten reunido o Goberno galego coa mesa do autónomo para consensuar o plan aprobado no Consello da Xunta o 22 de outubro?

5ª) Como se vai xestionar o dito plan?

6ª) Cantos recursos procedentes do Estado vai destinar a Xunta de Galicia a este plan?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/11/2020 18:36:12

Juan Carlos Francisco Rivera na data 02/11/2020 18:36:27

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/11/2020 18:36:40



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A pandemia da covid-19 leva azoutando o noso país dende o mes de marzo e ningún estudo facía presaxiar o remate da crise sanitaria este verán. Diante destas previsións, parecería razoable que o Sergas dedicase todo este tempo a unha axeitada planificación dos seus recursos humanos que garantise unha correcta atención sanitaria, con especial atención alí onde a situación puidese ser máis crítica, como nos centros hospitalarios.

Mais chegados a finais do mes do mes de outubro, e a falta desa necesaria e urxente planificación, a xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago anuncia que se ve “na obriga” de suspender de xeito temporal os permisos de todo o persoal de enfermaría.

O Sergas aduce que a decisión se toma por non atopar o persoal de substitución necesario nin nas listas de contratación propias nin no servizo público de emprego á vez que asegura que en canto se poidan cubrir esas ausencias se retomarán os permisos. Pola súa banda, os sindicatos negan que todas as listas estean esgotadas.

Diante desta situación, que afecta concretamente a un persoal que está realizando un sobreesforzo nesta crise sanitaria, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cando prevé a Xunta de Galicia restablecer os permisos do persoal de enfermaría do CHUS?
- 2ª) Están esgotadas, tal e como afirma o Sergas, todas as listas de contratación para o persoal de substitución?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 02/11/2020 18:35:19

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2020 18:35:34

Marina Ortega Otero na data 02/11/2020 18:35:45



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Cando se creou a Axencia de Turismo de Galicia, Decreto 196/2012 do 27 de setembro, nos seus estatutos recollía que a organización desta entidade conta con dous órganos de goberno, un unipersonal, a Presidencia, e outro colexiado, o Consello Reitor. Nas sesións do Consello Reitor poden participar con voz, pero sen voto as seguintes administracións territoriais e entidades públicas ou privadas:

- a) Un representante da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).
- b) Un representante por cada deputación provincial.
- c) Seis representantes das organizacións empresariais máis representativas do sector turístico privado.

A última reunión do Consello Reitor da Axencia de Turismo de Galicia foi o 24 de setembro deste ano e convocouse para nomear ao xerente do organismo.

A anterior vez que se reuniu foi en marzo do 2019, este consello foi presidido polo anterior conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, esta xuntanza abriuse por primeira vez á participación de representantes das organizacións empresariais máis significativas do sector turístico privado, membros da Federación Galega de Municipios Provinciais (Fegamp) e representantes das catro deputacións.

O obxectivo desta reunión era abordar conxuntamente os retos en materia de turismo cara o Xacobeo 2021. Nesta reunión a Administración autonómica pretendía implicar na súa planificación ao sector privado, ós concellos e ás deputacións, en palabras do anterior conselleiro *"a todas as institucións, entidades e cidadáns de Galicia para acadar un gran proxecto común"*.

A día de hoxe o Consello Reitor da Axencia de Turismo de Galicia non se volveu reunir para abordar conxuntamente eses retos do sector turístico. Esa implicación da que falaba o anterior conselleiro non se fixo realidade, quedando todo nunha mera declaración de intencións.



A Xunta de Galicia ten que convocar ao Consello Reitor da Axencia de Turismo de Galicia para acordar as colaboracións institucionais e a coordinación entre as diferentes administracións, en dous temas fundamentais para o turismo de Galicia no actual contexto da crise sanitaria da covid-19: a reformulación do Xacobeo 2021 e a estratexia do turismo cara o ano 2021, tendo en conta que as feiras de promoción do turismo van ter novos formatos ou van ser aprazadas como é o caso de Fitur. Esta convocatoria debe facerse de maneira urxente, so faltan dous meses para o Xacobeo 2021.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Consellería de Turismo convocar ao Consello Reitor da Axencia de Turismo de Galicia neste período de sesións para acordar colaboracións institucionais e coordinación entre as diferentes administracións no actual contexto da crise sanitaria da covid-19 cara o Xacobeo 2021?
2. Vai a Consellería de Turismo convocar ao Consello Reitor da Axencia de Turismo de Galicia neste período de sesións para acordar colaboracións institucionais e coordinación entre as diferentes administracións no actual contexto da crise sanitaria da covid-19 para estudar a estratexia a seguir no sector turístico nos anos 2021-2022?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/11/2020 09:34:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Martín Seco García na data 03/11/2020 09:35:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/11/2020 09:35:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/11/2020 09:35:34

Noa Susana Díaz Varela na data 03/11/2020 09:35:45



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende o inicio provocada pola pandemia covid-19 as condicións de traballo modificáronse moito na sociedade española, sendo desexable minimizar o risco de exposición da cidadanía ao contacto con outras persoas, en particular no ámbito laboral. Isto fai recomendable que, na medida do posible, se deba incentivar o teletraballo como a medida máis efectiva para diminuír a exposición á enfermidade no caso das persoas traballadoras que poidan realizar as súas tarefas laborais, de forma total ou parcial no seu domicilio.

No estado de alarma a inmensa maioría das traballadoras e dos traballadores da Xunta de Galicia seguiron a manter a súa actividade, así entre o 15 de marzo e o 1 de xuño milleiros de traballadores mantiveron o seu desempeño laboral sen incidencias significativas e mantendo os procedementos que se podían tramitar de forma telemática; no caso dos procedementos en papel houbo un gran desenvolvemento da Administración electrónica, de forma que quedou claro que unha parte moi significativa das empregadas e dos empregados públicos podían realizar o seu traballo en modalidade de teletraballo, íntegra ou parcialmente.

Existen ademais outros condicionantes como que milleiros de traballadores da Xunta de Galicia utilizan o transporte colectivo (autobús ou tren) para asistir ao seu centro de traballo, expoñéndose a ser contaxiados neste desprazamento.

Porén a Xunta de Galicia non realizou ningún tipo de incentivo do teletraballo, unha vez superado o estado de alarma. A modalidade de teletraballo por pandemia está condicionado ao peche de centros (centros de maiores e centros docentes) e a un criterio de excepcionalidade, que non se detalla claramente; no caso do teletraballo ordinario, que xa era concedido de forma discrecional por parte dalgunhas unidades administrativas e denegado por outras, non se rexistrou ningún tipo de incentivo ata o momento, senón que ademais está sendo obstaculizado de forma consciente dende o mes de xuño.

Durante estes meses a Xunta de Galicia non realizou ningún tipo de acto que



incentivase o teletraballo ordinario, dilátase a información sobre o mesmo e incluso chegan a existir supostas listas negras para as traballadoras e os traballadores que exerceran o seu dereito de solicitalo. Non obstante foron centos (ou quizais milleiros) as persoas traballadoras que desafiando a postura oficial a Xunta de Galicia exerceron o seu dereito de solicitar o teletraballo, non sendo contestado en moitos casos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas persoas traballadoras solicitaron o teletraballo ordinario dende o día 13 de marzo de 2020? Desglosar esta cifra por centro directivo ou no seu caso por consellería.
2. A cantas destas persoas traballadoras se lles concedeu o teletraballo ordinario? Desglosar esta cifra por centro directivo ou no seu caso por consellería.
3. Cantas destas traballadoras e traballadores teñen dereito a disfrutar do teletraballo ordinario por silencio administrativo debido a que non contestou no prazo previsto de tres meses?
4. Cantas das anteriores traballadoras e traballadores recibiron notificación de silencio administrativo positivo e poden gozar xa do teletraballo ordinario?
5. Cantas das persoas traballadoras que teñen dereito a gozar do teletraballo ordinario por silencio administrativo non recibiron contestación e se está a impedir o desfrute do dereito de forma deliberada?
6. Existe algunha orde impartida dende a Dirección Xeral de Función Pública aos centros directivos e a cargos de libre designación para na medida do posible se evite que as traballadoras e traballadores soliciten o teletraballo ordinario?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2020 10:10:22
Nº Rexistro: 4672
Data envío: 03/11/2020 10:10:22.691

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/11/2020 10:06:58

Pablo Arangüena Fernández na data 03/11/2020 10:07:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre o consultorio de Barbantes no concello de Cenlle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasado venres 30 de outubro o Bloque Nacionalista Galego de Cenlle tivo coñecemento de que as mudanzas na organización do persoal e do servizo sanitario do SERGAS traían como consecuencia o peche do consultorio de Barbantes para centralizar o servizo no Centro de Saúde.

Esta decisión, que foi informada á cidadanía de forma deficiente, a través dunha nota na porta, resulta sorprendente xa que, segundo se puido saber, a desculpa é a pandemia da covid-19 mais superado o primeiro Estado de Alarma o consultorio funcionaba con normalidade. Polo tanto, é difícil pensar que pode haber unha motivación baseada na seguridade ou na necesidade de aplicar protocolos covid-19 que levan tempo vixentes.

Cómpre recordar que este servizo xa se prestaba unhas poucas horas ao día, mais é necesario para moita veciñanza, sobre todo persoas maiores, que teñen dificultades para desprazarse ao Centro de Saúde de Cenlle pola falta de transporte, pois non hai bus e nin sequera hai servizos de taxi. A isto engádese a dificultade para moitas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas de pedir cita telefónica ou por internet, e a necesidade de recibir atendementos básicos frecuentes polo perfil avellentado e pluripatolóxico da poboación.

Esta decisión parece responder unha vez máis á improvisación do SERGAS, á falta de vontade de ter un servizo próximo á veciñanza no rural e á crise global que está a vivir a Atención Primaria no noso país após a chegada da covid-19.

Para o Bloque Nacionalista Galego estas cuestións requiren de transparencia, explicacións e rectificación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son as razóns da Xunta de Galiza de tomar decisións que levan ao peche do consultorio de Barbantes, no Concello de Cenlle, e cando vai rectificar?

Cantas cartillas sanitarias están afectadas por esta situación?

É consciente a Xunta de Galiza do bloqueo práctico no acceso aos servizos sanitarios que isto supón para a poboación máis maior?

Considera a Xunta de Galiza que este tipo de decisións arbitrarias e improvisadas contribúen a fixar poboación no rural?

Cantas consultas recibiu nesta localización desde a fin do Estado de Alarma?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2020 10:25:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/11/2020 10:25:32

María González Albert na data 03/11/2020 10:25:39

María Montserrat Prado Cores na data 03/11/2020 10:25:50

Iria Carreira Pazos na data 03/11/2020 10:26:03

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2020 10:26:13



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende hai 23 anos a Comarca da Baixa Limia e o Parque do Xurés contan cunha base antiincendios situada na parroquia de Porqueirós, pertencente o Concello de Muíños.

A base ocupa unha superficie de 8.000 metros cadrados, consta dunha pista de aterraxe para helicópteros, ademais de áreas de estacionamento para senllos medios de transporte cos seus correspondentes servizos (zona de carga de auga e combustible). Dispón de cinco edificios para albergar o persoal destinado na base, e con emisoras de banda aérea e terrestre.

A Xunta de Galicia tiña destinado nesta base un helicóptero de transporte e extinción dotado con dispositivo de transporte de auga cunha capacidade de 1300-1500 litros.

Durante a época de alto risco de incendios forestais, operaban dous pilotos, dous mecánicos, dous emisoristas, dous técnicos de incendios, e unha cuadrilla de doce compoñentes, formados por xefe de cuadrilla, peóns condutor e brigadistas, ademais de contar con vixiantes para o recinto en quenda de noite.

Este ano en plena campaña de incendios cun espazo natural azoutado polas chamuscas o Parque do Xurés quedou sen base o caducar a concesión no ano 2017, despois de que a Comunidade de Montes leve tres anos de intentos de negociación coa Consellería de Medio Rural para a renovación da concesión do recinto sen resultado ata o de agora, a pesar do prexuízo que supón para a loita contra incendios na provincia de Ourense e para o espazo natural protexido como é o Parque Natural da Baixa Limia Serra do Xurés, dado que coa base pechada o tempo de atención de incendios aumenta notablemente ata a chegada do primeiro medio aéreo.



Convén así mesmo resaltar a importante inversión económica feita pola Xunta de Galicia neste espazo e que, de non producirse a renovación do convenio resultaría un absoluto malgasto e malgasto de fondos públicos

Polo anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego do peche da base antiincendios do Xurés despois de no ser renovado o convenio cos comuneiros de Porqueirós, pertencente o Concello de Muíños da provincia de Ourense?
2. Cal é a contía económica das inversións realizadas na base antiincendios do Xurés en Porqueirós, provincia de Ourense, pola Xunta de Galicia?
3. Que pensa facer o Goberno galego, e en particular a Consellería de Medio Rural ante o peche da base antiincendios do Xurés en Porqueirós na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/11/2020 10:45:21

Martín Seco García na data 03/11/2020 10:45:29

Paloma Castro Rey na data 03/11/2020 10:45:39

Pablo Arangüena Fernández na data 03/11/2020 10:45:46



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Consello de Contas foi creado pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, como órgano de control externo da Comunidade Autónoma galega. Esta lei foi reformada pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as súas competencias, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Na propia exposición de motivos da Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción, establece que *“O Consello de Contas de Galicia, o órgano de control e fiscalización externo das contas do sector público autonómico galego, ocupa unha posición especialmente relevante no tecido institucional da Comunidade Autónoma. Creado no propio Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 53.2, desenvolvido por unha das primeiras leis da Comunidade Autónoma (a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, reformada pola Lei 4/1986), desde que o Consello de Contas se puxo en marcha no ano 1991 ten gañado o merecido recoñecemento da sociedade galega pola súa continuada contribución, a través dos sucesivos informes presentados ao Parlamento, á mellora da xestión dos recursos públicos administrados polo sector público autonómico”*.

E no artigo primeiro, modifícase o punto 1 do artigo 1 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que queda redactado como segue: *“O Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma e asesorará o Parlamento de Galicia en materia económico-financeira”*.

O 30 de outubro deste ano tiveron entrada neste Parlamento os informes de fiscalización e de prevención da corrupción coa Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2019, que inclúe o



Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma corresponde a 2018, e as contas anuais de Consello de 2019.

No Informe de fiscalización correspondente á Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2018 o Consello de Contas recolle no apartado III. Recomendacións, o seguimento das recomendacións dos informes de exercicios anteriores e as recomendacións do informe de fiscalización do exercicio 2018.

No que atinxe ao seguimento das recomendacións de informes anteriores o Consello informa que foron catro as recomendacións aplicadas, aínda que nos propios comentarios manifestados no informe polo Consello se recolle que tres delas foron parcialmente aplicadas, que seguen once recomendacións vixentes pendentes de aplicación e catro recomendacións derivadas do informe de fiscalización do exercicio 2018.

O feito de non aplicar as recomendacións feitas polo órgano fiscalizador supón un incumprimento grave co compromiso de transparencia, limitando a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

O Consello debe emitir unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da Administración autonómica. Polo tanto, o informe ten unha natureza fundamentalmente financeira, orzamentaria e patrimonial cos seguintes obxectivos:

- 1) Verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable da situación e actividade dos centros públicos da Administración da Comunidade Autónoma, ou se polo contrario precisa ser completada para poder emitila.
- 2) Determinar se a Conta da Administración reflicte razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento.
- 3) Ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido das contas nos casos nos que se estime necesario.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o incumprimento sistemático por parte da Administración autonómica das recomendacións feitas polo Consello de Contas no seus informes de fiscalización?

2ª) A Administración autonómica vai aplicar as recomendacións feitas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización corresponde á Conta Xeral da Comunidade para o exercicio 2018, co fin de non limitar a responsabilidade encomendada ao Consello de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación na conta correspondente ao exercicio 2019?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/11/2020 19:16:52

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/11/2020 19:17:05

Juan Carlos Francisco Rivera na data 02/11/2020 19:17:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Instituto Tecnolóxico do Mar (Intecmar) realiza moitos labores fundamentais para o desenvolvemento da actividade marítimo-pesqueira, da que dependen moitas familias en Galicia. Entre elas está a análise de calidade das augas e de índices que permitan, ou non, saír a faenar ao sector marisqueiro.

A non realización destas análises o fin de semana pode desembocar en que se produza unha demora inxustificada en obter resultados que permitan faenar, inhabilitando en moitas ocasións días que poderían ser hábiles se o procedemento fose máis áxil, se existise un protocolo que habilitase outras análises (cando o Intecmar non realice) ou que amplíe a labor a realizar para poder ter datos útiles de maneira máis continua.

Do modo que sexa é unha necesidade importante que os trámites e procedementos a realizar sexan máis áxiles, pois iso permitirá optimizar o tempo de traballo e a posibilidade do sector de ser máis produtivo co seu traballo.

Un caso específico de esta situación ocorreu nas recentes semanas en Noia, onde moitas familias quedaron sen poder saír ao mar un luns porque o Intecmar non realiza estes labores en fin de semana e non se validan as análises feitas por laboratorios privados, que ofrecían resultados habilitantes para poder faenar. Así, os traballadores/as do marisqueo da ría de Noia quedaron sen poder traballar por culpa dun procedemento modificable.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles solo por unha cuestión procedemental?
2. Ten cuantificado a Xunta de Galicia o volume de capturas que se pode perder nun día de traballo para o sector marisqueiro de Galicia?



3. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar os protocolos e os sistemas de decisión sobre a apertura/peche das rías para o marisqueo en función dos resultados que agora obtén o Intecmar para que sexan máis áxiles e rápidos?
4. Coñece a Xunta de Galicia a realidade do sector marisqueiro da ría de Noia respecto da perda de produtividade por perder a posibilidade de faenar determinados días por culpa do procedemento lento das análises do Intecmar?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/11/2020 13:13:29

Noa Susana Díaz Varela na data 03/11/2020 13:13:36

Patricia Otero Rodríguez na data 03/11/2020 13:13:50



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Instituto Tecnolóxico do Mar (Intecmar) realiza moitas labores fundamentais para o desenvolvemento da actividade marítimo-pesqueira, da que dependen moitas familias en Galicia. Entre elas está a análise de calidade das augas e de índices que permitan, ou non, saír a faenar ao sector marisqueiro.

A non realización destas análises o fin de semana pode desembocar en que se produza unha demora inxustificada en obter resultados que permitan faenar, inhabilitando en moitas ocasións días que poderían ser hábiles se o procedemento fose máis áxil, se existise un protocolo que habilitase outras análises (cando o Intecmar non realice) ou que amplíe a labor a realizar para poder ter datos útiles de maneira máis continua.

Do modo que sexa é unha necesidade importante que os trámites e procedementos a realizar sexan máis áxiles, pois iso permitirá optimizar o tempo de traballo e a posibilidade do sector de ser máis produtivo co seu traballo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia os danos causados por non permitir faenar en días que poderían ter sido hábiles solo por unha cuestión procedemental?
2. Ten cuantificado a Xunta de Galicia o volume de capturas que se pode perder nun día de traballo para o sector marisqueiro de Galicia?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar os protocolos e os sistemas de decisión sobre a apertura/peche das rías para o marisqueo en función dos resultados que agora obtén o Intecmar?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro do 2020





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2020 13:21:07
Nº Rexistro: 4712
Data envío: 03/11/2020 13:21:07.705

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/11/2020 11:37:55

Patricia Otero Rodríguez na data 03/11/2020 11:38:01

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas urxentes de apoio ao sector da hostalaría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta situación de pandemia na que nos atopamos, un dos sectores máis afectados é o da hostalaría. As medidas adoptadas para paliar os efectos da pandemia poñen a este sector nunha situación delicada e a moitos dos locais ao borde do peche.

Un sector que supón o 20% do PIB galego e que emprega a máis de 66 mil persoas no noso país, no que levamos de ano leva unha perda acumulada de emprego do 40%.

O peche total ou parcial dos locais supón a desaparición ou redución de ingresos que lles impide poder facer fronte aos gastos fixos que implica ter un local (alugueiro, luz, auga, electricidade, ...). Isto é un golpe que lles afecta de forma drástica e que os leva á desaparición.

A repercusión que estes peches teñen, para o sector especialmente, pero tamén para o noso país, vai ser dunha magnitude difícil de predicir. A perda do posto de traballo repercute no seu poder adquisitivo e iso lévanos a un perigoso efecto dominó que repercutirá na economía do entorno máis próximo e na economía de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade a hostalaría, xunto co comercio, axuda a facer dos barrios centros neuráxicos da vida; animan a vida cotiá, dan ambiente e personalidade as rúas e éñchenas de xente converténdoas en zoas transitadas. Uns barrios vivos inciden na maior calidade de vida dunha cidade.

No BNG creemos o sector da hostalaría galega, que xera gran número de empregos, merece que se tomen MEDIDAS URXENTES que permitan a súa subsistencia.

Mentres outras comunidades autónomas puxeron en marcha axudas directas hai meses, o sector segue demandando que a Xunta de Galiza o faga. Despois de 8 meses de pandemia no que os ingresos dos negocios foron nulos ou moi escasos a situación é dramática e urxe un Plan de Rescate con axudas directas que garanta os postos de traballo e a continuidade da actividade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cre o Goberno galego que no inmediato as medidas que tomou garanten a supervivencia do sector da hostalaría?

É consciente o Goberno galego de que a falta de liquidez dos negocios os está levando ao peche?

Ten previsto o Goberno galego axudas directas para a hostalaría que sexan compatíbeis con calquera outra axuda ou medida de fomento que se poda outorgar dende outra Administración Pública. ?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valora a Xunta de Galiza estudar os criterios de adxudicación das axudas para que se correspondan coa situación de vulnerabilidade real dos negocios?

Valora a Xunta de Galiza simplificar os trámites administrativos para que poidan acceder a estas axudas todas aqueles negocios que realmente o necesiten?

Ten pensado a Xunta de Galiza ampliar os prazos de carencia tanto dos créditos da Xunta como do ICO, xa que este colectivo está a ter unha importante caída de ingresos que lle dificultará facer fronte a este tipo de custes?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 03/11/2020 16:58:14

Ramón Fernández Alfonso na data 03/11/2020 16:58:22





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 03/11/2020 16:58:30



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia resulta indispensable a creación dunha unidade de avaliación de políticas públicas, co obxectivo de “reasignar recursos” e certificar que se compren cos obxectivos das políticas que se implementan dende a Administración.

Co inicio da recente lexislatura teñen comparecido no Parlamento de Galicia distintos conselleiros do goberno para esbozar as liñas xerais das políticas no ámbito das consellerías respectivas, sen referencias expresas, agás na comparecencia do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a necesidade de establecer un protocolo de avaliación das políticas públicas.

Segundo a Resolución de 59/250 de 2004 da Asamblea General das Nacións Unidas, a avaliación é unha función crítica da xestión pública, xa que é un instrumento no que se consolida a información necesaria para alimentar as decisións do orzamento e das contas públicas, na procura dun uso eficaz dos recursos públicos.

Sen embargo, as políticas públicas e a avaliación das mesmas non poden responder unicamente a criterios económicos.

De acordo cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible plasmado na Axenda 2030 —Resolución 70/1 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas— as institucións públicas deben garantir que as súas accións sexan sensibles aos obxectivos de equidade de xénero; incorporar criterios ecolóxicos; e garantir a loita contra a pobreza e a exclusión social; sen perder de vista principios reitores como a dispoñibilidade, a accesibilidade, a calidade e a asequibilidade dos servizos.

Todo ilo debe guiar a elaboración e implementación das políticas e dos programas, ademais de ser criterios clave para o seguimento e a avaliación da súa eficacia.



Diversas entidades teñen presentado diante da Comisión para a reconstrución social e económica levada a cabo no Congreso dos Deputados sendas propostas para a incorporación da avaliación como elemento clave no deseño das novas políticas e medidas que necesita o Estado diante da nova realidade xurdida pola coronavirus.

Entre as persoas comparecentes na Comisión interveu Hernández de Cos, actual gobernador do Banco de España, quen subliñou a importancia da cultura da avaliación e a explotación e uso de datos e análises rigorosos como base fundamental para a toma de decisións.

Victor Viñuales, director executivo de ECODES, acreditou a necesidade de poñer en marcha procesos integrais de medición de impacto e avaliación de políticas públicas, para valorar adecuadamente a efectividade e eficiencia das políticas públicas.

A Fundación Economía y Salud, xunto con outras moitas entidades, reclamou a Comisión de reconstrución no ámbito do estado, a adopción de medidas de avaliación, bo goberno e transparencia, como instrumentos esenciais no deseño das novas políticas.

O Comité de Expertos Económicos de Galicia, que funciona coma un órgano asesor da Xunta de Galicia para afrontar a crise, propón a *"creación dunha axencia galega de avaliación de políticas públicas que funcione con criterios de independencia e rigor técnico e que dependa directamente da Presidencia da Xunta de Galicia"*.

En Galicia existe a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, lei que contempla a creación dunha comisión inter-departamental de información e avaliación dos servizos públicos, de escasa ou nula operatividade. Así mesmo os informes de avaliación publicados pola Xunta de Galicia, non deixan de ser os distintos indicadores publicados polas respectivas consellerías.

Polo que respecta as recomendacións dos organismos internacionais, a Unión Europea, na súa guía de boas prácticas, maniféstase a favor de que a instancia de avaliación estea separada da instancia controladora.



Por outro lado, o informe da OCDE sobre a reforma normativa en España, recomenda situar o órgano responsable da avaliación do impacto normativo nunha unidade de alto nivel especializada próxima ao Consello de Ministros.

Tendo en conta o anterior, sen descoñecer as oportunidades que pode ofrecer o Parlamento como sede dunha Axencia destas características, consideramos que a adscrición a *Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*, esta institución presentaría un excesivo sesgo ou control, o que podería dificultar que a Axencia abordara as súas finalidades de carácter cultural, formativo e modernizador da Administración, así como seu carácter articulador e coordinador con respecto o conxunto das Administración pública.

Diante desta situación, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que é necesario a creación dunha axencia de avaliación de políticas públicas?
2. No seu caso, cales serán os criterios de avaliación que aplicaría a devandita axencia?
3. Está o Goberno galego elaborando algún documento o respecto?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 03/11/2020 17:33:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/11/2020 17:34:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2020 17:37:02
Nº Rexistro: 4728
Data envío: 03/11/2020 17:37:02.071

Pablo Arangüena Fernández na data 03/11/2020 17:34:13

Paloma Castro Rey na data 03/11/2020 17:34:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Xunta de Galicia anunciaba a principio deste ano 2020 que mudaba o plan inicial de O Vinteún polas mellores características da parcela de A Estación de Autobuses en O Pino, para a construción dunha residencia pública de maiores promovida pola Xunta de Galicia e financiada por Amancio Ortega, Estación de Autobuses que sería trasladada ao barrio da Ponte unha vez concluíran as obras da primeira fase da estación intermodal.

A decisión segundo o manifestado pola Xunta de Galicia, foi adoptada de forma coordinada entre as consellerías de Infraestruturas e Política Social, modificando o plan inicial da Xunta de Galicia respecto o futuro centro de maiores da cidade, previsto na parcela situada no barrio de O Vinteún e cedida polo Concello de Ourense.

Anunciando unha inversión prevista de 650.000 euros, cun obxectivo de deixar despexado o solar para o comezo das obras de construción da residencia.

As obras de demolición comezaron o pasado luns 26 de outubro, comezando coa retirada do material do interior, demolición da terminal que se realizará á vez que a execución da nova intermodal no barrio da Ponte, instalando de forma provisional dúas marquesiñas para dar o servizo que aínda non é posible que estea localizado na nova estación de autobuses, cuxas obras se están a rematar ao lado da Estación Empalme.

O Grupo Socialista xa advertira dos posibles problemas que se poden formular no futuro cos terreos, se non resolven a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense os problemas legais e lle outorga de todas as garantías legais, xa que no contrato de cesión dos terreos asinado en 1985, dispoñíase que os citados terreos só se podían destinar á Estación de Autobuses, e non para centros residenciais ou equipamentos dotacionais, polo que nos encontramos cunha problemática de carácter urbanístico na parcela na que se sitúa a actual Estación de Autobuses.



Ademais do antedito a Consellería de infraestruturas, anunciou a construción de unha fonte ornamental por importe de 48.000 euros na futura Estación de autobuses.

En relación co anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cambiouse o uso dotacional da parcela onde está situada a Estación de Autobuses de O Pino en Ourense, para a execución da residencia de maiores promovida pola Xunta de Galicia e financiada por Amancio Ortega?
2. Existen garantías xurídicas para levar a cabo as obras de demolición da actual Estación de Autobuses de O Pino en Ourense, como para a execución das obras da futura residencia de maiores promovida pola Xunta de Galicia e financiada por Amancio Ortega?
3. Sobre o recente anuncio da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia de construír unha fonte ornamental por importe de 48.000 euros na futura Estación de Autobuses, parécelle ao Goberno galego, un gasto necesario na situación sanitaria e económica tan complicada na que nos encontramos?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/11/2020 09:57:23

Marina Ortega Otero na data 04/11/2020 09:57:32

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/11/2020 09:57:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/11/2020 09:57:50

Patricia Otero Rodríguez na data 04/11/2020 09:58:00



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 25 de abril de 2017 o Grupo Socialista sometía a debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei para solicitar a posta en marcha urxente do I Plan de igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia. A iniciativa non acadou o apoio do grupo de Goberno, que non estaba disposto á redacción dun informe que puxer de manifesto o nada feito ata o momento nesa materia.

O 4 de xullo do 2017 a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordou elaborar o I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. Con motivo do 8 de marzo do 2018, o Sr. Feijóo anunciaba a aprobación “inminente” do I Plan de igualdade da Administración galega. Case tres anos despois seguimos sen entender cal é o concepto de inminencia para este goberno, tendo en conta que a novembro de 2020 o Plan de igualdade segue sen ser efectivo.

Lembremos que ese plan é de obrigada implantación dende o 3 de maio de 2007, coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. No seu artigo 11 de Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade dise “*Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da comunidade autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da comunidade autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da comunidade autónoma*”. Ese mesmo artigo mantense no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Levamos, polo tanto, xa case 13 anos agardando por unha medida que permita acadar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo. Tendo en conta que é a propia Administración pública a primeira que é incapaz de cumprir coas obrigas da lei, non estraña que só un 15 % das case 25.000 empresas españolas que contan con máis de 50



traballadores cumpran coa Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto lei 6/2019 que o modifica.

Que tras 13 anos da aprobación da lei este plan non se teña posto en marcha choca moito coas boas intencións que este goberno manifesta antes os medios, e que ten amosado na cámara parlamentaria asegurando que a súa aprobación era inminente. Por todo o exposto, pola emerxencia xa que entendemos merece este asunto, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Canto máis tempo pensa o Goberno galego demorar a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia?

2ª) Considera este goberno precisas e suficientes as accións que levou a cabo ata o momento para a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia?

3ª) En que estado de redacción se atopa o I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia?

4ª) Cre o Goberno galego que a incapacidade amosada ata o momento reflicte correctamente o seu compromiso coa igualdade?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 04/11/2020 10:17:34

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 04/11/2020 10:17:51

Julio Torrado Quintela na data 04/11/2020 10:18:03

Marina Ortega Otero na data 04/11/2020 10:18:14



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 está a supor un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local. Esta crise foi o derradeiro golpe para moitos pequenos e medianos comercios, parte deles foron morrendo ou vivindo día a día durante un tempo e moitos non foron capaces de sobrevivir á parálise da economía.

Esta crise ten como consecuencia que o sector do pequeno e mediano comercio non podan facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez. A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector de forte implantación en Galicia. Un sector formado por pequenos negocios con poucos marxes de beneficios e que dependen da capacidade de consumo da cidadanía.

Son as administracións locais as que están promovendo actuacións enfocadas á dinamización do sector co fin de incrementar o consumo e de xerar emprego nos seus concellos. Os gobernos locais son conscientes da situación crítica do pequeno e mediano comercio, non sendo así na Xunta de Galicia.

O Goberno autonómico amosa unha despreocupación total polos nosos e nosas comerciantes nesta etapa que estamos a vivir, polo que compre apremiar á Xunta de Galicia a activar medidas económicas cun maior orzamento para que este sector poda salvar a súa liquidez. O goberno autonómico é a quen lle corresponde de forma exclusiva as competencias en materia de comercio interior segundo establece o artigo 30.I.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

As medidas previstas polo Goberno galego resultan totalmente insuficientes e incluso ínfimas para os 30.000 comerciantes rexistrados en Galicia. O pequeno comercio de Galicia está inxustamente desatendido.

A realidade que está xurdindo nestes meses semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio de Galicia. A metade das baixas dos autónomos é do sector do comercio, este dato pon de manifesto polo que esta a pasar o



comercio. Por iso, este sector ven reclamando axudas directas do Executivo autonómico, así como un maior fincapé en campañas de apoio á compra neste comercio, especialmente de cara á campaña de Nadal.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a dotar dunha partida orzamentaria suficiente para garantir axudas directas ao sector do pequeno e mediano comercio para que así podan facer fronte aos gastos fixos e salvar a súa liquidez?
2. Goberno autonómico ten pensado promocionar ao pequeno e mediano comercio cun maior número de campañas de apoio a este sector, especialmente cara á campaña de Nadal, neste período de sesións?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/11/2020 13:41:08

Martín Seco García na data 04/11/2020 13:41:14

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/11/2020 13:41:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/11/2020 13:41:31



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de presentar o chamado Plan de ensino virtual ante a covid-19, no que se inclúen “un conxunto de actuacións elaboradas sobre a base de criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos que permitirá continuar coa formación do alumnado nos casos nos que sexa preciso pasar ao escenario de educación non presencial por hipotéticos confinamentos”.

Este plan chega tarde e reflicte claramente a falla de proactividade dunha Consellería incapaz de priorizar as súas actuacións e que parece estar a actuar só ante a inminencia de situacións que ninguén desexa, como puidera ser o caso de que a evolución da pandemia supuxese unha situación similar á que se deu no mes de marzo e, como consecuencia, se deban adoptar medidas que supoñan a interrupción do ensino presencial.

Que estas medidas deberan ter sido tomadas antes resulta evidente; este grupo parlamentario xa demandou, no mes de agosto, a elaboración de plans de continxencia e mesmo presentou iniciativas parlamentarias para coñecer a realidade do alumnado en canto a dispoñibilidade de recursos axeitados para o seguimento de formación a distancia. Mais nada disto se fixo. De ter traballado dende o inicio do curso nestes ámbitos non nos atoparíamos nesta situación.

Non obstante, a Consellería si que dedicou tempo e esforzos a regular outros aspectos moito menos prioritarios como, por exemplo, ditar a Resolución do 23 de outubro de 2020, pola que se ditan instrucións para permitir a saída do recinto escolar do alumnado maior de 16 anos nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021. Semella que as prioridades da Consellería non se adecúan ás prioridades da comunidade educativa.

O certo é que este Plan de ensino virtual ante a covid-19 ten concitado o rexeitamento de profesorado, equipos directivos e asociacións de nais e pais, xa que:



- Dá unha semana aos centros para elaborar os denominados “horarios espello” que debe ser aprobado, logo da súa supervisión, pola Inspección Educativa.
- Deben realizar simulacións sobre o funcionamento do plan no caso de peche dos centros.
- Deben analizar as necesidades de dispositivos para o ensino virtual, e
- Deben identificar as necesidades de formación do profesorado nesta materia.

Todo o que figura no plan é coherente e debería permitir dar unha resposta axeitada para garantir, nas mellores condicións posibles, a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe no caso de suspensión da actividade lectiva presencial, o que non é óbice para que manifestemos que se actuou tarde.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Por que o Goberno galego non aprobou antes do día 2 de novembro o Plan de ensino virtual ante a covid-19?

2ª) Considera suficiente o prazo dunha semana para que os centros confeccionen o chamado “horario espello”?

3ª) Por que non se desenvolveu, xa dende o inicio do curso, un procedemento que permitise coñecer as necesidades de dispositivos por parte dos alumnos e de formación por parte do profesorado?

4ª) Considera que o establecido no plan con respecto á distribución de medios informáticos ao alumnado é mellorable, e que podería dar unha resposta moito máis rápida no caso de peche dos centros?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/11/2020 13:42:28





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 4791
Data envío: 04/11/2020 14:21:07.676

Noa Susana Díaz Varela na data 04/11/2020 13:42:46

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao elevadísimo número de contaxios por COVID-19 na residencia de maiores de Ribadumia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos sectores mais afectados pola crise sanitaria derivada do COVID 19 e o das residencias de maiores, tanto as persoas usuarias como o persoal que se encarga da súa atención.

Esta crise fixo emerxer con toda crueza a situación de deterioro, de recortes, de deficiencias... denunciadas até a saciedade. Un drama que se mostra agora mais que é anterior a esta pandemia. Un sector entregado á empresa privada, faltar de recursos e precarizado. Os servizos sociais convertidos nun negocio moi lucrativo, fundamentalmente para os grandes grupos de investimento estranxeiro, propietarios da maioría das empresas que controlan a atención social.

A Xunta coñecía as deficiencias de moitos destes centros porque así o denunciou o Consello de Contas nun informe e actas de inspección, pero antepuxo os intereses desas empresas, como é o caso de DomusVi, ao interese das persoas residentes nelas.

Unha desas residencias é a DomusVi ubicada no concello de Ribadumia, na que estamos vendo como a presenza do virus non foi detectada até que xa afectaba a un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

número moi importante de residentes e traballadoras e a cifra non deixa de medrar. A día de hoxe son 60 residentes e 20 traballadorxs.

Na residencia de Ribadumia existían datos desde hai tempo que advertían, que podían facer temer, un perigo certo de contaxio. Unha situación de escaseza de persoal, de falta de recursos denunciadas desde principios de 2019 por traballadoras e familias.

Estes antecedentes debían ter levado á Xunta de Galiza a que fora imperativo extremar ao máximo ás medidas de prevención e coidado neste centro, tendo xa como antecedente as dramáticas e letais consecuencias en residencias de todo o noso país, e especialmente nas de titularidade da mesma empresa que xestiona esta, DomusVi.

Lonxe dunha actuación preventiva, temperá, unha actuación que permitira anticiparse, de novo a Xunta foi por detrás do virus, procedendo a intervir a residencia cando xa xeran unha evidente alarma social na poboación galega, incrementada polo feito de que a pesares de todas as alarmas os protocolos implementados pola Xunta de Galiza, de existiren, semellan totalmente ineficaces para evitar o contaxio naqueles colectivos máis vulnerábeis e susceptíbeis de protección.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Coida que son asumíbeis as porcentaxes de contaxios pola da COVID-19 nas residencias de maiores?

Que medidas de prevención e protección fronte ao risco de contaxio por coronavirus implantou a Xunta de Galiza na residencia de Ribadumia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas de prevención implantou a Xunta de Galiza nesta residencia tendo en conta as denuncias realizadas por traballadoras e familiares de falta de persoal e recursos?

Que inspeccións ten realizado a esta residencia tras as denuncias realizadas? En que datas?

Ten aberto algún expediente? Con que resultado?

Que modificacións se introduciron no plan de prevención de riscos laborais para reducir o perigo de contaxio das traballadores?

Fixéronse tests PCR ás residentes e traballadoras da residencia? En que data, con que resultado?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2020 16:57:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2020 17:02:29
Nº Rexistro: 4797
Data envío: 04/11/2020 17:02:29.284

María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2020 16:58:01

Iria Carreira Pazos na data 04/11/2020 16:58:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante a Lei do 13 de xuño de 1879 sobre disposicións a ter presentes respecto á propiedade, uso e aproveitamento de augas, o Ministerio de Fomento conservador establecía a necesidade de autorización -con excepcións- para o aproveitamento das augas públicas, utilización que dividía en comúns (servizo doméstico, agrícola e fabril; pesca; navegación e flotación) e especiais, con prioridade dos primeiros sobre os segundos, para os que tamén fixaba unha orde de preferencia (abastecemento de poboacións; abastecemento de ferrocarrís; regas; canles de navegación; muíños e outras fábricas, barcas de paso e pontes flotantes; estanques para viveiros ou criadeiros de peixes), con prioridade, dentro de cada clase, para as empresas de maior importancia e utilidade.

A concesión de autorización para establecer nos ríos navegábeis ou flotábeis aparellos ou mecanismos flotantes que transmitisen ou non o movemento a outros fixos en terra e que non supuxesen obstáculos á navegación ou flotación, correspondía ao gobernador da provincia, do mesmo xeito que a relacionada co establecemento de muíños ou outros artefactos industriais en edificios situados preto das beiras, con canle de derivación e de reincorporación á corrente do río, navegábel ou flotábel ou non.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As concesións de aproveitamentos de augas públicas para establecementos industriais outorgábanse a perpetuidade, cunha exención do pago de contribución durante os dez primeiros anos para os aproveitamentos da auga como forza motriz en mecanismos ou establecementos industriais situados dentro dos ríos ou nas súas ribeiras ou marxes.

O período comprendido entre a Guerra Civil e o réxime fascista ditatorial foi aproveitado na Galiza para “reorganizar” -e non voluntariamente- o mercado eléctrico de pequenas empresas provinciais e monopolizalo coa fundación, en 1943, de Forzas Eléctricas do Noroeste, FENOSA.

A Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas -gobierno socialista- derogaba á anterior e, entre outros aspectos, confería ao estado a función de outorgamento de concesións referentes ao dominio público hidráulico nas concas hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha soa Comunidade Autónoma, creando os organismos de conca, coa denominación de Confederacións Hidrográficas, entidades de dereito público con personalidade xurídica propia e distinta da do estado, cun ámbito territorial que comprende unha ou varias concas hidrográficas indivisas, coa soa limitación derivada das fronteiras internacionais. Entre as súas atribucións e labores figuran o outorgamento de autorizacións e concesións referentes ao dominio público hidráulico, e a inspección e vixilancia do cumprimento das condicións das mesmas.

A mencionada disposición lexislaba, tamén, en materia de concesións administrativas como requisito para o uso privativo das augas, concedidas tendo en conta a explotación racional conxunta dos recursos superficiais e subterráneos e segundo as previsións dos Plans Hidrolóxicos, con carácter temporal e prazo non superior a setenta e cinco anos; poderían declararse caducadas por incumprimento de calquera das condicións esenciais ou prazos nela previstos, ademais de por a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/11/2020 17:46:10

Nº Rexistro: 4801

Data envío: 04/11/2020 17:46:10.435

interrupción permanente da explotación durante tres anos consecutivos sempre que aquela sexa imputable ao titular, motivos de extinción do dereito ao uso privativo das augas xunto co termo do prazo da súa concesión, a expropiación forzosa, ou a renuncia expresa do concesionario. En tales casos, reverterían ao estado, gratuitamente e libres de cargas, cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento, sen prexuízo do cumprimento das condicións estipuladas no documento da concesión.

No mesmo texto obrígase aos organismos de conca a levar un Rexistro de Augas, de carácter público e contido certificábel, no que se inscriben de oficio as concesións de auga, así como os cambios autorizados que se produzan na súa titularidade ou nas súas características, de forma que a inscrición no meritado rexistro constitúe medio de proba da existencia e situación da concesión.

A Lei de Augas 29/1985 implicou, tamén, profundos cambios en canto ás formas de adquisición do dereito ao uso privativo das augas públicas, o que obrigou a establecer un réxime transitorio para tentar compatibilizar devanditos cambios cos dereitos adquiridos dos usuarios das augas públicas conforme á anterior lei de 1879, pero que na súa aplicación derivou en importantes problemas xurídicos e prácticos que tiveron que ser solucionados a través dunha copiosa xurisprudencia. Mención especial merece o apartado 1 da disposición transitoria primeira, que atribuíu aos titulares de concesións de aproveitamentos de augas públicas a perpetuidade, conforme á disposición anterior, un prazo máximo de setenta e cinco anos a partir do 1 de xaneiro de 1986 (ata o 1 de xaneiro de 2061), cuestión de tal transcendencia para as concesións de aproveitamento hidroeléctrico que motivou un ditame da Avogacía Xeral do Estado en 2011, que concluíu que a finalidade da mencionada disposición "... non consistiu en ampliar por prazo de setenta e cinco anos as concesións outorgadas con anterioridade por un prazo limitado, vixentes ao 1 de xaneiro de 1986, sen consideración ao tempo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transcorrido desde o seu outorgamento, senón establecer un límite infranqueábel para as outorgadas antes desa data por un período superior a setenta e cinco anos e reconducilas a este último prazo desde a data de entrada en vigor da propia Lei 29/1985, ...”

O corpo dispositivo básico que rexe en materia de concesións referidas ao dominio público hidráulico está constituído polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Auga –texto refundido derivado das modificacións posteriores da Lei 29/1985-, e polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de Augas, e as súas modificacións posteriores. É de destacar, tamén, o conxunto doutrinal que engloba sentenzas referidas a concesións, concretamente á reversión das referidas aos aproveitamentos hidroeléctricos, entre as que destaca a máis recente da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional na demanda de Endesa Generación S.A. contra o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente pola declaración da extinción e a reversión ao Estado dun aproveitamento hidroeléctrico no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Ebro.

E non só nos ámbitos citados, senón tamén no social, no que se impulsaron Iniciativas Lexislativas Populares, como as promovidas pola Asociación Aragón Suma no ámbito estatal ou pola Confederación Intersindical Galega (CIG) -sindicato maioritario na Galiza-, apoiada por todos os grupos no Parlamento galego excepto o PP, que demandaban a reversión dos aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública, polos organismos de conca ou por entidades públicas creadas para iso, con fins de utilidade pública e interese social de forma que o citado recurso actúe como vector de crecemento económico en sentido amplo, sobre todo nos territorios concretos de implantación, e supoña progreso social para o conxunto da poboación, estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cales son as concesións para aproveitamentos hidroeléctricos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galiza-Costado-Augas de Galiza, con indicación da súa clave/número de expediente, denominación, titular, leito, termo municipal, provincia, caudal (m3/s), salto bruto (m), potencia (MW), produción estimada (GWh/ano), data de autorización da explotación parcial ou total (dd/mm/aaaa), e data fin da concesión (dd/mm/aaaa)?
2. Das anteriores concesións cales teñen realizado modificacións e/ou ampliacións e en que data?
3. Cales son as concesións para aproveitamentos hidroeléctricos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galiza-Costado-Augas de Galiza que superaron a data fin de concesión, con indicación da súa clave/número de expediente, denominación, titular, leito, termo municipal, provincia, caudal (m3/s), salto bruto (m), potencia (MW), produción estimada (GWh/ano), data de autorización da explotación parcial ou total (dd/mm/aaaa), e data fin da concesión (dd/mm/aaaa)? En cales se iniciaron os expedientes de extinción do dereito e reversión?; de ser o caso, en que estado de tramitación están?
4. De ser o caso, quen está a xestionar e como os aproveitamentos hidroeléctricos revertidos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galiza-Costado-Augas de Galiza? Cales se volveron a conceder, a quen, como e en que condicións?
5. Iniciáronse os expedientes de extinción do dereito e reversión das concesións para aproveitamentos hidroeléctricos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galiza-Costado-Augas de Galiza con data de fin de concesión no próximos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tres anos? En caso negativo, por que? En caso afirmativo, en que estado de tramitación están?

6. Ten intención a Xunta, previas as modificacións dispositivas necesarias, de reverter os aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública, polo organismo de conca ou por entidades públicas creadas para iso, con fins de utilidade pública e interese social de forma que o citado recurso actúe como vector de crecemento económico en sentido amplo, sobre todo nos territorios concretos de implantación, e supoña progreso social para o conxunto da poboación, estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade? En caso afirmativo, para cando?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2020 17:44:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/11/2020 17:44:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar una estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos. O deseño da produción eléctrica na Galiza caracterizouse por ser un deseño alleo, dende a esfera estatal, onde os poderes públicos galegos non tiveron nunca voz nin voto, e foi tamén e en consecuencia un deseño contrario aos intereses e necesidades da Galiza.

Un dos exemplos máis evidentes atopámolo no desenvolvemento da enerxía hidráulica e a conseguinte construción de presas e encoros, cunhas fortísimas consecuencias sociais e medioambientais no noso territorio, unha concepción franquista co obxectivo de subministrar enerxía ao centro do Estado sen que nin o noso país nin as propias zonas afectadas obtivesen compensación ou beneficio de ningún tipo.

As compañías eléctricas explotan na Galiza a maior parte das centrais hidráulicas existentes e fano a través de concesións outorgadas polo Estado con duracións que, na actualidade e nalgún caso, poderían superar os 160 anos. Parte delas mesmo foron transferidas a mans privadas no último cuarto de século mediante o proceso de privatización das empresas públicas do extinto INI, o que permitiu aumentar o crecente negocio do sector. En todo caso, a gran maioría das centrais hidroeléctricas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foron construídas hai xa décadas, sendo investimentos que, debido á estrutura do mercado eléctrico, están sobradamente amortizados, converténdose na práctica nunhas máquinas de xerar beneficios grazas a decisións políticas discrecionais e ao uso privado que realizan dun ben público como é a auga.

Recuperar a xestión pública das centrais é unha cuestión estratéxica. Cabe ter en conta que como consecuencia dos procesos de privatización, as compañías fixéronse cunha serie de instalacións construídas con investimentos públicos e cuxa produción e beneficio é para elas. A xestión pública dos saltos e encoros permitiría á administración galega a obtención de recursos e o deseño de medidas que revertan no beneficio das zonas afectadas polos mesmos, especialmente na xestión da produción eléctrica, de xeito que os habitantes das zonas afectadas, en especial aqueles con condicións económicas e sociais máis desfavorábeis, poidan ter unha menor factura do seu consumo eléctrico, medida social incluída na Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Confederación Intersindical Galega (CIG), apoiada por todos os grupos no Parlamento galego excepto o PP, e que tamén demandaba a reversión dos aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública, polos organismos de conca ou por entidades públicas creadas para iso, con fins de utilidade pública e interese social, de forma que o citado recurso actúe como vector de crecemento económico en sentido amplo, e supoña progreso social estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade.

Criterios políticos como a Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas -gobierno socialista- auto-conferiron ao estado a función de outorgamento de concesións referentes ao dominio público hidráulico nas concas hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha soa Comunidade Autónoma, creando os organismos de conca, coa denominación de Confederacións Hidrográficas, entidades de dereito público con personalidade xurídica propia e distinta da do estado, cun ámbito territorial que comprende unha ou varias concas hidrográficas indivisas. Entre as súas atribucións e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

labores figuran o outorgamento de concesións referentes ao dominio público hidráulico, e as súas declaracións de caducidade e reversións mediante procedemento de extinción regulado no *Real Decreto 849/1986, do 11 de abril*, no que se contempla a remisión á Comunidade Autónoma onde se encontren as obras ou se utilicen as augas da copia do expediente, para que no prazo de dous meses poida manifestarse.

Na resposta a unha pregunta do BNG no Congreso en 2020, o Miteco sinalaba os seguintes aproveitamentos hidroeléctricos situados na Galiza co seu prazo de concesión rematado, na Confederación Hidrográfica Miño-Sil:

NOME CENTRAL	TITULAR ACTUAL	RÍO	CONCELLO (PROVINCIA)	POTENCIA MÁXIMA INSTALADA (MW)	ENERXÍA PRODUCIDA (MWH) ¹	DATA CONCESIÓN	FIN PRAZO CONCESIONAL	DURACIÓN CONCESIÓN (anos)	ESTADO EXPEDIENTE EXTINCIÓN
Enviande	CHMS	Enviande	Chantada (Lugo)	1,100	1605,1 ²	14/05/1990	11/12/2016	26	Revertido
Castadón-Hervidoiro	ENEL GREEN POWER ESPAÑA S.L.	Loña	Pereiro de Aguiar (Ourense)	1,210	1.514,440	17/09/1897	11/12/2017	120	En trámite
Castro Caldelas	SALTO DEL EDO S.L.	Edo	Castro Caldelas (Ourense)	4,360	12.372,465	14/02/1989	10/12/2017	28	En trámite
Vilachán	HIDROTIDE A.I.E.	Tambre	Oia (Pontevedra)	1,200	0,000	10/10/1991	10/03/2018	27	En trámite

¹Datos de produción do ano 2019
²Datos de produción do ano 2018

Polos motivos expostos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1ª) Tivo comunicación a Xunta por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil dos expedientes de extinción das centrais Enviande, Castadón-Hervidoiro, Castro Caldelas, e Vilachán?; con que data?; cal foi a súa manifestación?; en que data?

2ª) De non ter recibido a Xunta de Galiza comunicación sobre as cuestións anteriormente citadas, que actuacións pensa desenvolver a Xunta para exercer os seus dereitos no procedemento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª) Ten intención a Xunta de reclamar a xestión das centrais de Enviande, Castadón-Hervidoiro, Castro Caldelas, e Vilachán, situadas nos concellos galegos de Chantada, Pereiro de Aguiar, Castro Caldelas, e Oia, respectivamente?

4ª) Entende a Xunta que a produción hidroeléctrica das centrais situadas na Galiza debe ser competencia do seu goberno autónomo?

5ª) Comparte a Xunta as decisións políticas que minoran os dereitos das galegas e galegos para subministrar enerxía ao centro do Estado sen que nin o noso país nin as propias zonas afectadas obteñan compensación ou beneficio de ningún tipo?

6ª) Entende a Xunta que Galiza é quen de deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos que posibiliten o crecemento económico en sentido amplo, e supoña progreso social estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 04/11/2020 18:26:44

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2020 18:26:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de xuño de 2016, na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, o BNG requiría información sobre das concesións de saltos hidráulicos de competencia da Xunta, nomeadamente das que remataban nos vindeiros tres anos. Na súa resposta, o por entón director xeral de Augas de Galicia afirmaba que na meritada situación estaban catro concesións: unha xa rematada en **xuño de 2016**, a CH **LA CASTELLANA** (expediente número 12/111/9 00), no río Mandeo; e tres que o farían en **2017**, a CH DE **PONTE INFERNO** (expediente número 1/298/8 00), no río Verdugo, a CH DE **PORTOCHAO** (expediente número 5/244/7/4 00), no río Furelos, e a CH DE **FECHA** (expediente número 6/204/23 00), no río Tambre.

No debate en Pleno dunha PNL do BNG, tamén referida ás concesións hidráulicas, o 13 de xullo de 2016, o deputado que representaba ao PP corrixiu e complementou a anterior información, ao sinalar, por una banda, que das anteriores concesións as dúas últimas (PORTOCHAO e FECHA) tiñan *“modificacións que contemplan un aumento do seu prazo concesional”*, sen mais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concreción; e, por outra banda, engadía **dúas concesións** máis ao listado: a CH DE **GÜMIL** (expediente número 12/109/2 00), no río Lambre, e a CH DE **FERVENZAS** (expediente número 12/111/12 00), no río Vexo, ámbalas dúas con expedientes de extinción xa iniciados nesa data, e pendentes do informe técnico para a súa reversión ou demolición, segundo o deputado do PP.

A disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, que aproba o texto refundido da Lei de Augas, establece os prazos nos expedientes sobre dominio público hidráulico, fixados en 18 meses para resolver e notificar a resolución nos procedementos relativos a concesións do dominio público hidráulico.

Por ditos motivos formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal é o estado de tramitación de cada un dos seis expedientes de extinción das concesións hidráulicas meritadas?

-De ter finalizado algún, cal foi a súa resolución?; e cal a situación á data de hoxe da concesión? Ten desenvolto a Xunta de Galiza algunha iniciativa para o seu aproveitamento público?

-De ter caducado algún dos expedientes sinalados, cal ou cales foron as causas?; cal a situación á data de hoxe da concesión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos que remataron dende 2017, ademais da xa meritadas? De ser a resposta afirmativa, cales?; tense iniciado o expediente de extinción?; cal é o seu estado de tramitación?

-Ten constancia o goberno galego das concesións de saltos hidráulicos que rematan nos vindeiros tres anos? De ser a resposta afirmativa, cales?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2020 18:42:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/11/2020 18:43:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos dous anos está a producirse o peche improvisado e desorganizado das centrais térmicas de carbón en determinadas zonas, entre elas Galiza, cos consecuentes prexuizos directos, indirectos e inducidos, que, a pesar de ser o máis importante e o de maior incidencia social, adoita estar subestimado ou simplemente descoñecerse; é o caso das Pontes, onde, na actualidade, non é pública valoración algunha de tal efecto negativo por parte do goberno estatal ou do autonómico, ou por parte da empresa propietaria.

O caos é de tal magnitude que un indicador da importancia como é o do emprego, directo e indirecto, sen considerar o inducido, exprésase con cifras distintas polos mesmos actores: a empresa propietaria indica no seu estudo propio 437 (175 directos e 262 indirectos), mentres que as ministras de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e de Traballo e Economía Social, e os sindicatos estatais cuantifícanos en 366 (197 e 169, respectivamente) -“Acordo por unha Transición Enerxética Xusta para Centrais Térmicas en Peche: o Emprego, a Industria e os Territorios”, abril 2020-, pero todos eles, incluída a empresa, asinan e avalan, mediante nota aclaratoria, ata 526 (197 e 329, ao considerar o transporte de carbón) -“Acordo por unha Transición Enerxética Xusta para Centrais Térmicas en Peche: o Emprego, a Industria e os Territorios. Endesa”, abril 2020, da mesma data e hora que o anterior-.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Só no caso das Pontes, o impacto total no emprego do peche da central térmica, considerando as tres contribucións, elevaríase aos 1.750 postos de traballo, ao que se deberían engadir 25-30 millóns de euros anuais en termos de renda, e outros 7 millóns de euros anuais relacionados coa diminución na prestación de servizos públicos derivada da perda de recadación de impostos municipais, directos e indirectos -20% dos orzamentos-.

Coa intención de favorecer a xeración de actividade económica alternativa, o goberno incluíu na caótica maraña de modificacións lexislativas que afectan o ámbito da enerxía e, en concreto ao sector eléctrico en todas e cada unha das súas facetas, unha disposición adicional na Lei 24/2013, do 26 de decembro, que permite -pero non obriga-, de maneira pouco ambiciosa e menos concreta, regular procedementos e establecer requisitos para a concesión da totalidade ou de parte da capacidade de acceso de evacuación dos nós da rede afectados polos devanditos peches que, ademais dos requisitos técnicos e económicos, ponderen os beneficios ambientais e sociais, modificación, que xunto á introducida na lei de augas relativa á extinción das concesións derivadas dos mencionados peches, pretende modificar, mellorar e concretar o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO con iniciativas rexistradas quer no Congreso quer no Parlamento para a modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico e o texto refundido da Lei de Augas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Unha evidencia máis da preocupante e alarmante desorde política e lexislativa mencionada é o Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, que modifica varias disposicións de distintos ámbitos, entre eles, como non, o enerxético, e no que o goberno toma consciencia de que "... resulta necesario coñecer neses nós concretos a capacidade de acceso existente ...", para o que habilita, mediante unha disposición adicional, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas á petición ao operador do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistema para que informe da capacidade dos nós cualificados como de transición xusta que se anexan, entre os que figuran os galegos de Meirama (550 MW) e de Puentes - deformación ilegal do topónimo As Pontes- de García Rodríguez (1400 MW).

Por ditos motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera a Xunta fulcral e necesario coñecer xa a capacidade existente resultante do cálculo, así como as consideracións e os criterios técnicos aplicados para a súa realización polo operador do sistema eléctrico, no caso do nó de transición xusta de Meirama (550 MW)?; ten feito a Xunta algunha xestión diante do Miteco para conseguir a meritada información?; de ser o caso, cal ou cales e con que resultados? Ten coñecemento a Xunta de empresa ou empresas concesionarias de capacidade no citado nó, en que cantidade e para que plantas de produción de enerxía eléctrica?

2. Considera a Xunta fulcral e necesario coñecer xa a capacidade existente resultante do cálculo, así como as consideracións e os criterios técnicos aplicados para a súa realización polo operador do sistema eléctrico, no caso do nó de transición xusta de Pontes de García Rodríguez (1400 MW)?; ten feito a Xunta algunha xestión diante do Miteco para conseguir a meritada información?; de ser o caso, cal ou cales e con que resultados? Ten coñecemento a Xunta de empresa ou empresas concesionarias de capacidade no citado nó, en que cantidade e para que plantas de produción de enerxía eléctrica?

3. Que previsións temporais realiza a Xunta para o inicio dos procedementos de adxudicación de capacidade de acceso de evacuación nos citados nós de transición xusta? Considera a Xunta necesario e fulcral a aplicación de requisitos técnicos, económicos, ambientais e sociais nos meritados procedementos?; de ser o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso, cales serían?; ten feito a Xunta algunha xestión diante do Miteco para conseguir a súa aplicación?; de ser o caso, cal ou cales e con que resultados?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2020 19:12:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/11/2020 19:12:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a finalización do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) extraordinario e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2020 e despois de decretarse a emerxencia sanitaria en Galiza e o estado de alarma no conxunto do Estado español, a Xunta anunciou e aprobou a ampliación das horas do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) cun paquete extraordinario de 500.000 horas para todo o país.

O obxectivo deste aumento de horas foi o de prestar atención profesional a aquelas persoas que non eran usuarias do servizo de atención no fogar pero que ante esta situación excepcional puideran precisar do mesmo. Isto é persoas usuarias de centros de día, que se atopaban pechados, pero tamén aquelas persoas cunha solicitude de dependencia inscrita e pendente de ser valorada ou resolta.

No mes de setembro, a Consellería de Política Social comunicou aos departamentos de servizos sociais comunitarios a finalización deste servizo de Atención Temporal e Urxente o 30 de novembro do 2020, quedando sen efecto todas aquelas horas de SAF extraordinario que foron designadas a esas novas persoas, así como non poder prestar máis horas das efectivamente prestadas a 30 de setembro. Esta decisión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implicou que a partir do 30 de setembro non se puidera atender a demanda de novas usuarias.

Malia que a situación mudou desde o mes de marzo até o de agora, o certo é que a pandemia continúa e as súas consecuencias sanitarias, sociais e económicas tamén. Nesta segunda onda na que nos atopamos, os gobernos están a endurecer as medidas de restrición dos movementos e pedindo ao conxunto da poboación, especialmente aos colectivos máis vulnerábeis, que permanezan o maior tempo posíbel nos seus domicilios e eviten ter máis contacto que o estritamente ligado ás persoas coas que conviven.

Neste senso, para o Bloque Nacionalista Galego, é evidente que a ampliación do servizo con carácter extraordinario debe manterse até que finalice a emerxencia sanitaria decretada pola propia Xunta de Galiza o 13 de marzo de 2020 garantindo que as persoas que precisen atención nos seus domicilios, apoio e coidados os reciban.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Por que razón dá por finalizada a Xunta de Galiza a excepcionalidade que motivou a aprobación do SAF extraordinario?

Cre que a situación epidemiolóxica e sanitaria no país é a acaída para deixar todas as persoas que o recibían sen atención?

Vai impulsar algunha medida o Goberno galego para garantir os coidados que precisan estas persoas a partir de agora?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2020 10:04:23

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2020 10:04:35

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2020 10:04:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o protocolo Fisicovid para as actividades cinexéticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 4 de novembro do 2020, a Secretaría Xeral para o Deporte aprobaba o protocolo FISICOVD polo que a actividade cinexética por parte dos cazadores federados nos Tecores e sociedades de caza federadas queda excluída das restricións de mobilidade, horarios e agrupacións de persoas establecidos en Galiza para facer fronte á grave crise sanitaria provocada pola COVID 19.

Dáse a circunstancia de que este protocolo foi presentado pola Federación Galega de Caza o día 3 de novembro de 2020, o que pon de manifesto unha perfecta coordinación e sincronización entre a Federación e a Xunta de Galiza, que non cambiou unha coma da proposta da Federación.

Resulta tamén rechamante que a Federación fixese público un comunicado o día 3 de novembro no que anunciaba aos seus asociados que “nas próximas horas activarase o protocolo FISICOVID para a actividade deportivo cinexética non competitiva”.

En definitiva, este anuncio en relación coa permisividade para a mobilidade e desprazamentos para os cazadores coincide no tempo, case simultaneamente, coa





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anuncio por parte do presidente da Xunta de fortes restricións na mobilidade e en actividades non esenciais en grande parte do territorio galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o Goberno galego que as actividades cinexéticas non competitivas deben ter a consideración de actividades esenciais a efectos de desprazamentos polo territorio galego no actual contexto de agravamento da crise sanitaria?

Considera a Xunta de Galiza que nun contexto de agravamento da crise sanitaria da COVID 19 e de incremento das restricións de mobilidade e doutro tipo para grande parte da poboación galega, está xustificado este trato favorábel para a actividade cinexética non competitiva a efectos de mobilidade e desprazamentos polo territorio galego?

Que instancia do ámbito sanitario público informou e avalou este protocolo?

É o xefe de servizo de deportes da delegación territorial de Lugo o funcionario con competencias para informar sobre a adecuación do protocolo da Federación de Caza?

Tendo en conta a gravidade da situación sanitaria e os anuncios feitos públicos polo presidente da Xunta o mércores 4 de novembro e publicados no DOG o 5 de novembro, ten previsto o Goberno galego revisar esta decisión?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2020 10:41:58

Alexandra Fernández Gómez na data 05/11/2020 10:42:08

Paulo Ríos Santomé na data 05/11/2020 10:42:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da eurorrexión Galiza Norte de Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 3 de novembro tivo lugar unha xuntanza na cidade de Vigo na que participou o vicepresidente primeiro da Xunta e na que se anunciou a elaboración do Plan de Investimentos Conxuntos (PIC) da eurorrexión Galiza Norte de Portugal para o período 2021-2027. Como é evidente, un documento destas características, que afecta a máis de unha lexislatura, debería contar co coñecemento e participación do Parlamento galego.

Este Plan estase a tramitar nun contexto marcado pola crise da COVID, o Plan de Reconstrución anunciado pola Comisión Europea e aínda non aprobado e as mudanzas nos orzamentos europeos para o período 2021-2027.

Ademais, dada a importancia das relacións económicas e culturais entre Galiza e o Norte de Portugal e a potencial repercusión neste programa da actual crise sanitaria e económica provocada pola COVID 19, a elaboración do PIC debería acompañarse cos estudos e conclusións da Comisión para a Reactivación do Parlamento Galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, aínda está pendente de exame e avaliación o PIC do período 2014-2020, que debería ser obxecto de coñecemento e debate no Parlamento galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o grao de cumprimento do Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión do período 2014-2020?

Cales son os obxectivos e liñas prioritarias do PIC do período 2021-2027?

Ten previsto o Goberno galego presentar no Parlamento un informe sobre o desenvolvemento do PIC 2014-2020?

Ten previsto o Goberno galego someter a información e estudo no Parlamento o PIC do período 2021-2027?

Prevé o Goberno galego acompañar a elaboración e aprobación do PIC 2021-2027 cos traballos e conclusións da comisión parlamentaria de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2020 11:20:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/11/2020 11:20:19

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2020 11:20:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da comunidade educativa ante o Plan de Ensino Virtual da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar de que a Xunta de Galiza tivo máis de 7 meses para planificar un inicio de curso marcado pola pandemia da Covid-19 e de que a comunidade educativa estivo ao longo destes meses achegando propostas e demandando planificación, o goberno galego estivo absolutamente desaparecido durante eses meses.

Foron varios os problemas que se deron por causa da deixación de funcións da Consellaría de Educación. Problemas coa contratación de profesorado, coas ratios, coas ANPAs, co protocolo de NNEE... e un longo etcétera que non fai senón demostrar a política de bandazos e improvisación da Xunta de Galiza á hora de xestionar este curso académico.

Pero se unha demanda estivo presente para toda a comunidade educativa dende o primeiro momento foi a necesidade de implementar medidas estruturadas para planificar un posíbel (e probábel) escenario de volta ao ensino a distancia.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así e todo, e por máis que foron unánimes as voces que dende os centros de ensino demandaban a urxencia destas medidas, a Xunta de Galiza pasou 7 meses sen presentar nin unha soa liña deste protocolo.

Non foi até o mes de novembro, con máis de mil alumnos contaxiados, máis de 70 aulas pechadas e centos de alumnos en corentena, que a Xunta presentou un documento de escasos 4 folios escritos, baixo o título de *Plan de Ensino Virtual*. Un documento baleiro de contido, no que unha vez máis a Consellaría de Educación delega a súa responsabilidade na comunidade educativa obrigando a que os centros presentasen en 7 días unas medidas que a Xunta non foi quen de propoñer en 7 meses.

Un documento inzado de vaguidades e abstraccións, no que tal e como denuncia a comunidade educativa, non se aporta nin unha soa solución aos problemas dos claustros para xestionar esta realidade e que, moi pola contra, afonda na política de ensino *low cost* da Consellaría de Educación ao negar dotación de profesorado e recursos que precisa o sistema educativo.

Dende o BNG cremos que o acontecido co plan de ensino virtual da Consellaría de Educación non é senón unha nova labazada á comunidade educativa, que non resolve moitos dos problemas do ensino a distancia e que sitúa novamente a profesorado, familias e alumnado nunha situación de absoluto abandono.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Creo o Goberno galego que a xestión que se está a realizar co ensino a distancia está a ser a axeitada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai á Xunta de Galiza adoptar algunha medida para poñer solución aos problemas e disfuncións que o plan de ensino virtual da Xunta de Galiza está a provocar en familias e claustros?

Vai o Goberno galego dotar os centros de ensino do material e recursos necesarios para garantir o acceso a un ensino de calidade de todo o alumnado nas situacións de confinamento ou corentenas motivadas pola Covid-19?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/11/2020 13:09:14

Daniel Castro García na data 05/11/2020 13:09:16

Mercedes Queixas Zas na data 05/11/2020 13:09:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa e a solicitude de admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) aprobada en 2018 establece no epígrafe 373 a posibilidade de creación dunha delegación da Xunta de Galiza en Lisboa:

374. Para afianzar o protagonismo de Galicia en España respecto do liderado nas relacións e a estratexia de integración luso-galaico-española, tan pronto como as disponibilidades orzamentarias o permitan, habemos de formularnos a posibilidade de que a Xunta de Galicia proxecte permanentemente e coa debida entidade a nosa vocación fraterna en Lisboa, no cultural, no social, no económico e no institucional. Por outra banda, estudarase compatibilizar esta posible creación dunha Delegación coa solicitude ao MAEC de que acolla na Embaixada de España ante a República de Portugal polo menos un conselleiro de cooperación eurorrexional, cun pequeno equipo de funcionarios galegos, que reforce ese obxectivo, e no que se inclúa unha representación do Consello da Cultura Galega en calidade de Observador Consultivo da CPLP, tendo en conta que o Secretariado Executivo da CPLP está en Lisboa sería





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preciso regular de modo estable e institucional as relacións de Galicia cos países de lingua portuguesa e servir efectivamente de ponte entre a hispanofonía e a lusofonía.

Transcorridos máis de 2 anos da aprobación da Estratexia, non hai noticias nin da creación da Delegación nin da opción b, claramente reduccionista e insuficiente ao entender deste grupo parlamentar.

Tanto na EGAEX como o proxecto de lei de Acción Exterior e Cooperación centran as relacións con Portugal no ámbito limitado da Eurorrexión, minusvalorando as enormes potencialidades das relacións con Portugal e cos países da Lusofonía nos ámbitos lingüístico, cultural, económico ou da cooperación.

Por outra parte, Galiza xa conta cun instrumento lexislativo, a *Lei 1/2014, de 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, que establece no seu artigo 3 que “Deberán ser promovidas as relacións en todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do goberno galego.

A maior abundamento, no mes de outubro do ano 2018, o parlamento aprobou de maneira unánime unha resolución na que se insta ao Goberno galego a impulsar a solicitude de admisión de Galiza como membro na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa e a dotar de orzamento a aplicación da Lei 1/2014.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que previsións ten o Goberno galego a respecto da creación dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións realizou o Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario de 2018 sobre a solicitude de admisión de Galiza como membro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa?

Ten previsto o Goberno galego dotar de orzamento a Lei 1/2014 de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía?

Considera necesario o Goberno galego aprobar un Plan plurianual de fomento das relacións cos países de lingua portuguesa?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2020 13:42:34

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2020 13:42:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/11/2020 13:42:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a atender as demandas da asociación *querEndo-mulleres con endometriose*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación *querEndo-mulleres con endometriose*, seguen a trasladarnos a súa preocupación porque as súas necesidades seguen sen ser atendidas a pesares de que a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015, a proposta do BNG, aprobou por unanimidade unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento.

Transcorridos máis de seis anos non só non se teñen efectivizado as medidas aprobadas, senón que no actual contexto de pandemia están a sufrir a paralización de consultas, de seguimento das súas doenzas crónicas e o adiamento das consultas e tratamentos de reprodución.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón de que a Consellaría de Sanidade non teña posto en marcha todas as actuacións referidas á endometriose, aprobadas por unanimidade, na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015?

Coida que as mulleres que en Galiza padecen endometriose están ben atendidas da súa doenza?

Parécelle razoábel que teñan que transcorrer anos para que sexan diagnosticadas?

Na situación na que se atopa a sanidade pública en Galiza con dificultades de acceso á Atención Primaria, ás consultas hospitalarias e de atrasos nas intervencións cirúrxicas, considera que doentes de patoloxías crónicas coma a endometriose están recibindo a atención sanitaria que precisan?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2020 16:40:27

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2020 16:40:36

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2020 16:40:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación de aumento da mortalidade e morbilidade orixinada pola situación de ralentización da atención sanitaria tanto en Atención Primaria como Hospitalaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a chegada da pandemia, o Sergas estableceu que a relación da poboación cos Centros de Saúde pasara a ser fundamentalmente telefónica, reducindo ao mínimo a atención presencial, mais o que non fixo foi implementar medidas, medios e persoal para que esa decisión non afectara á calidade asistencial, non supuxera déficits asistenciais.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) diagnósticos tardíos de patoloxías, en estadios altos, persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

Ao que hai que engadir que non se ten normalizado nin moito menos a actividade hospitalaria, que seguen sendo miles as persoas que viron suspendidas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súas probas diagnósticas, consultas ou intervencións e non saben cando van ser retomadas.

Unha situación empeorando día a día, sen que se coñezan medidas. Un contexto de Atención Primaria ao límite, a hospitalaria cunha presión asistencial en aumento que xa está poñendo en evidencia a incapacidade de dar resposta.

Agora máis ca nunca é preciso garantir que a sanidade pública teña os recursos axeitados, os profesionais precisos para poder responder ao desafío actual e aos futuros.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o aumento do nivel de mortalidade e morbilidade por todas as patoloxías en Galiza desde o inicio da pandemia orixinada pola COVID 19?

Ten realizado algún estudo para determinar tanto o número como as causas do aumento de mortalidade e morbilidade?

Vai realizar as medidas precisas, coa activación dun plan de continxencia que contemple as necesidades de persoal e de medios para a atención sanitaria ordinaria e as extraordinaria derivadas da COVID tanto en Atención Primaria como Hospitalaria que garanta a atención sanitaria de todas as patoloxías á poboación?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2020 17:39:28

Iria Carreira Pazos na data 05/11/2020 17:39:36

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2020 17:39:45



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Concello de Dodro aprobou o seu PXOM dende o ano 2011, en decembro de 2016, o PP aprobou en solitario no Pleno do Concello, o traslado dun polígono industrial do actual PXOM que tiña unha superficie de 29 hectáreas ao lugar de Cancela Abrea, no polígono 27 de concentración parcelaria de montes, en proceso de realización nas parroquias de Dodro e Laíño, este polígono 27 conta cunha superficie de 14 hectáreas.

O PP aprobou en solitario unha modificación do PXOM do 2011 na que se incluía o traslado do dito polígono industrial, un plan aprobado despois do intenso traballo realizado baixo o Goberno do PSdeG-PSOE, a dita modificación fíxose coa oposición da veciñanza e o resto dos partidos políticos de Dodro, a dita oposición queda reflectida coas máis de 340 alegacións recollidas e o rexeitamento da maior parte dos propietarios.

O intercambio deste polígono de 29 hectáreas por outro máis pequeno de 14 hectáreas, con múltiples afeccións no lugar de Cancela Abrea, pertencente ao polígono 27 de concentración parcelaria de montes, en proceso de realización nas parroquias de Santa María de Dodro e San Xulián de Laíño, fíxose sen contar coa veciñanza e intentando botar abaixo o deseño industrial realizado en 2011, un traballo realizado sen oposición veciñal e sen o voto en contra o propio Partido Popular, pola contra o novo polígono é máis pequeno, encaixado e con cruces nas vías de comunicación dunha estrada AC-305 Ribeira-Padrón, a AG-11 ou autovía da Barbanza, rodeado dos núcleos de poboación de Revixós, Cancela Abrea, A Tribisqueira, Lestrove, atravesado pola condución do gasoduto, preto da Rede Natura 2000.

Non resulta difícil entender que este tipo de decisións, rematou co cambio de goberno local na eleccións municipais do ano 2019, e o novo goberno de Dodro xa anunciou a súa intención de anular a creación do polígono industrial na zona de Cancela Abrea e Revixós, revisando o actual PXOM neste punto e noutros. Incomprensiblemente o PP, agora na oposición segue a incidir nesta cuestión, cunha denuncia pola vía dun recurso contencioso-administrativo presentado polo voceiro do PP contra o actual rexedor do PSdeG-PSOE, por non dar orde de



publicar o anuncio no BOP da recualificación urbanística para que esta entrase en vigor.

O director xeral de Desenvolvemento Rural, por vía de resolución deixou fóra da concentración parcelaria de Dodro- Laíño II as parcelas do polígono 27, ata unha resolución da xefatura territorial da Consellería do Medio Rural, que estimou o recurso de alzada presentado pola Comunidade de Montes de Man Común de Balouta e Fontecova do 14 de maio de 2019 e resolta o 23 de outubro de 2019. Na súa decisión, a xefatura deixa sen efecto a resolución do director xeral, e obriga a "incluír no proceso de concentración parcelaria da zona de Dodro- Laíño II as parcelas pertencentes ao polígono 27 das bases definitivas que foran excluídas".

No concello de Dodro nada saben deste asunto dende a resolución da Consellería do Medio Rural de outubro do ano pasado e poñen de manifesto que a devandita consellaría continúe e finalice a concentración parcelaria incluíndo o dito polígono.

Por todo o exposto o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto o Goberno galego incluír o dito polígono 27 no proceso de concentración parcelaria de Dodro-Laíño II?

2ª) Cando van continuar os traballos da dita concentración parcelaria?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/11/2020 16:24:13

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/11/2020 16:25:20



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 6 de outubro de 2020 compareceu, a petición propia, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para dar conta das liñas estratéxicas nas que está a traballar o Instituto Galego de Vivenda e Solo para un novo “Pacto Social pola Vivenda”, na que anunciou que recollerá dez novas medidas para a actuación do Goberno nos vindeiros cinco.

Esas novas medidas apostarán, segundo expuxo a conselleira, polo alugueiro, a rehabilitación e a loita contra a exclusión. A falla de concretar en que consistirán esas novas medidas, o que de por si fai que a comparecencia fose precipitada e carente de contido concreto, ningunha desas medidas innovan ningunha orientación estratéxica con respecto ao *Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, coñecido como Plan RehaVita, xa que este plan desenvolvía unha planificación baseada en catro eixos: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovación urbana, a prevención da exclusión residencial e outras medidas en materia de vivenda.

En calquera caso, ese novo documento, segundo as propias palabras da conselleira é unha primeira versión non pechada e aberta a cambios coa finalidade de conseguir unha estratexia consensuada, realista e efectiva.

Aínda que descoñecemos por completo o documento, parece pertinente que se incorporen nel medidas que corrixan o fracaso evidente do mencionado Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, incorporando medidas de apoio ás persoas con rendas máis baixas, en risco de desafiuzamento, de pobreza enerxética, con necesidades especiais de integración social, con discapacidades que precisen de adaptacións específicas das súas vivendas, ás vítimas de violencia de xénero e a todos aqueles modelos de familias que presenten especificidades diferentes ou en risco de exclusión social.



Tamén entendemos como necesario que se aposte pola calidade habitacional de todos os fogares galegos, favorecendo accións que permitan o correcto mantemento ou rehabilitación do parque inmobiliario, dándolle prioridade á total erradicación das infravivendas en Galicia.

Adicionalmente, é necesario desenvolver medidas potentes que pasen polo impulso prioritario do parque público de vivenda en aluguer, por acadar unha xestión moito máis eficiente do parque público de vivendas protexidas, co fomento do mantemento e rehabilitación dos edificios, actuando sobre a cidade e aproveitando o parque xa existente e avanzando na innovación en vivenda, implantando modelos que se adecúen ás necesidades da poboación nova e outros colectivos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Pensa incluír o Goberno galego no Pacto Social pola Vivenda, no que está a traballar o Instituto Galego de Vivenda e Solo, medidas que:

- Dean de xeito eficaz apoio ás persoas con rendas máis baixas, en risco de desafiuzamento, de pobreza enerxética e con necesidades especiais de integración social.
- Prioricen a súa orientación cara ás persoas con discapacidades que precisen de adaptacións específicas das súas vivendas, ás vítimas de violencia de xénero e a todos aqueles modelos de familias que presenten especificidades diferentes ou en risco de exclusión social.
- Aposten pola calidade habitacional de todos os fogares galegos, favorecendo accións que permitan o correcto mantemento ou rehabilitación do parque inmobiliario, priorizando decididamente a total erradicación das infravivendas en Galicia.
- Impulsen con carácter prioritario o parque público de vivenda en aluguer, por acadar unha xestión moito máis eficiente do parque público de vivendas protexidas, co fomento do mantemento e rehabilitación dos edificios, actuando sobre a cidade e aproveitando o parque xa existente e avanzando na innovación en vivenda, implantando modelos que se adecúen as necesidades da poboación nova e outros colectivos.?





Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/11/2020 17:26:33

Patricia Otero Rodríguez na data 05/11/2020 17:26:46



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Luís Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Galicia padece dende hai décadas un problema medioambiental, que é tamén un problema para as posibilidades económicas do medio rural, como é a expansión incontrolada –en detrimento do bosque autóctono– do eucalipto, especie alóctona que é xa unha realidade económica moi importante que non se pode ignorar pero que crea problemas medioambientais na medida en que reduce a biodiversidade e pode estar asociada a un maior risco de incendios. É tan incontrolada a súa expansión que o obxectivo do plan forestal de 1992 para o ano 2032, 245.000 hectáreas de eucalipto, estímase amplamente superado hoxe, con bastantes máis de 300.000.

A maiores, en ausencia dunha política pública de ordenación forestal digna de tal nome, a aparición do *eucalyptus nitens*, que se adapta ás condicións climáticas do interior de Galicia que non resiste o *eucalyptus globulus*, elimina os límites naturais á expansión do eucalipto que existían antes da chegada desta segunda especie.

E esa expansión incontrolada é incluso un problema económico na medida en que o exceso de oferta favorece tanto a ENCE, principal demandante final de eucalipto, como desfavorece aos produtores rebaixando os prezos.

A Devesa de Anllares, radicada nas ribeiras do río Xallas, nos concellos de Mazaricos e Dumbría, é un dos últimos redutos de bosque autóctono que quedan no noso país, competindo coas Fragas do Eume por ser o maior bosque autóctono da provincia da Coruña e tamén pola singularidade de ser o bosque atlántico máis occidental de Europa.

As novas plantacións de eucaliptos que se están a producir nos últimos anos están facendo que este espazo de gran valor ecolóxico e singularidade que se caracterizaba pola súa continuidade e extensión estea degradándose aceleradamente ao mesmo tempo que se transforma en espazos illados de fragas separadas entre si, especialmente na zona de Mazaricos.



A isto engádesse que a Xunta autorizou á empresa Ferroatlántica, no ano 2015 as obras das centrais hidroeléctricas de Fervenza II, Ponte Olveira II e Novo Castrelo, que afectaron moi negativamente á propia Devesa e a especies protexidas, así como a hábitats de interese europeo e prioritario consonte á Directiva 92/43CEE, ante a pasividade da Xunta, que permitiu 3 novas explotacións hidroeléctricas nun río como o Xallas xa gravemente sobreexplotado, un auténtico despropósito medioambiental.

É inaudito e inadmisíble que unha administración autonómica que ten a obriga de protexer o medio ambiente en virtude do artigo 45 da Constitución, nun escenario de colapso global dos ecosistemas recoñecido por institucións como a ONU e que ten como manifestación máis destacada, pero non única, a emerxencia climática declarada no Parlamento do Estado, deixe que se perda un dos escasos bosques autóctonos que resisten en Galicia e que, ademais, presenta uns valores ecolóxicos evidentemente dignos e merecedores da máxima protección por parte das administracións públicas, sendo neste caso exclusivamente competente a Xunta de Galicia.

Para rematar con esta situación, a medida máis eficaz e urxente sería a ampliación da ZEC Carnota-Monte Pindo (e da RN2000 no seu conxunto) para incluír a Devesa, paralizándo a acelerada degradación deste espazo de alto valor ecolóxico. O que é imprescindible, en todo caso, é que a Administración galega cumpra as súas obrigas e abandone a súa inacción.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai adoptar a Xunta de Galicia, como Administración pública que ten a obriga constitucional e lexislativamente establecida de protexer o medio ambiente, medidas inmediatas que impidan a degradación continuada da Devesa de Anllares que se está a acelerar nos últimos anos e que está xerando un grave prexuízo a ese espazo natural?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que non está obrigada a defender un espazo como a Devesa de Anllares cando o artigo 45 configura a protección do medio ambiente como un dos principios reitores da política social e económica no noso Estado e os tratados europeos reforzan este compromiso e obriga pública?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que dada a súa inacción durante anos podería estar incorrendo nun delito de prevaricación por omisión ante a desprotección deste espazo natural?



Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 05/11/2020 18:00:32

Paloma Castro Rey na data 05/11/2020 18:00:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/11/2020 18:00:55

Patricia Otero Rodríguez na data 05/11/2020 18:01:10





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 594**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai desenvolver o Goberno galego a prol dos concellos para superar o marco estatal de estabilidade financeira que permite a incautación de fondos municipais por parte do Estado”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 18 de setembro na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos o director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á iniciativa con número de rexistro 592 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O director xeral explicou que o Goberno galego estaba totalmente de acordo co grupo parlamentario do BNG en rexeitar calquera tentativa do Goberno central de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do estado.

Así, o Goberno galego sempre mantivo que o Goberno do estado tiña que rectificar, retomar a senda do diálogo e o consenso e en consecuencia retirar, como finalmente fixo, un Real Decreto Lei que tiña o seu xerme nun acordo aprobado o 3 de agosto pola Xunta de Goberno da FEMP, sen consenso, rachando a unidade do municipalismo, xa que fixo falta o voto de calidade do seu presidente, o alcalde de Vigo, Abel Caballero, para que saíse adiante e polo que se cedía voluntariamente 5.000 millóns de euros os concellos ao Goberno central.



O Goberno de España non so tivo que rectificar a súa decisión de quedarse cos aforros dos concellos senón que anunciou que si ía permitir ás entidades locais usar o seu superávit. Unha medida moi necesaria e moi demandada polo municipalismo nun momento de extraordinarias necesidades para os concellos como consecuencia da pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 12:36:04
Nº Rexistro: 4935
Data envío: 06/11/2020 12:36:04.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 12:36:00

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 681**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“os datos referidos á dotación orzamentaria do Plan de reactivación e dinamización 2020 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dun plan de seguimento e avaliación dese plan”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 18 de setembro na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos o director xeral Planificación e Orzamentos dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á iniciativa con número de rexistro 677 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O director xeral explicou que o plan aprobado no Consello da Xunta o día 5 de xullo co fin de contrarrestar con medidas de impacto os efectos da pandemia causada polo virus covid-19, trata de encaixar todas as liñas de actuación coa mobilización orzamentaria que elo conleva. Isto debe ser obxecto de detalle a nivel sectorial con diagnoses particularizadas, explicación do contido das medidas e indicadores de obxectivos e poboación diana.

O director xeral explicou que o Plan prevé mobilizar un montante global que supera os 3.000 millóns de euros entre achegas públicas e privadas.



Para acadar os obxectivos o plan acelera actuacións xa iniciadas, redeseña outras novas e máis acaídas á nova realidade e mobiliza todos os recursos orzamentarios e extraorzamentarios posibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 12:36:39
Nº Rexistro: 4936
Data envío: 06/11/2020 12:36:39.529

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 12:36:36

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1065**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **“o funcionamento do dispositivo posto en marcha con motivo do accidente padecido o día 8 de agosto de 2020 por un hidroavión portugués que traballaba na extinción do incendio forestal rexistrado en Lobios, na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 12 do 8 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Xerente do Sergas á pregunta número 1.064 que tivo lugar na Comisión 7ª do 24 de setembro de 2020.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2020-09-24?part=5367525d-1cce-42f9-9f74-5268fe2e4508&start=2100> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 12:37:16
Nº Rexistro: 4937
Data envío: 06/11/2020 12:37:16.310

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 12:37:12

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1271**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á necesidade de deseñar un procedemento e unha normativa de teletraballo na Administración autonómica que permita actuar de xeito máis eficiente diante do alongamento da situación actual da pandemia da covid-19 ou diante do seu empeoramento, así como á realización dalgún estudo ao respecto e á valoración que fai das medidas de teletraballo adoptadas”**, (publicada no BOPG número 12 do 8 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 9 de outubro na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior o director xeral de Avaliación e Reforma administrativa dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á iniciativa con número de rexistro 1270 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O director xeral, ademais de facer unha breve explicación da traxectoria da regulación do teletraballo na comunidade autónoma, explicou que o escenario vivido coa pandemia do covid-19, sobre todo na fase de confinamento social, no que a practica totalidade dos empregados públicos da Xunta de Galicia teletraballaron dende os seus domicilios fixo necesario redefinir un novo modelo.

O director xeral adiantou que a Xunta de Galicia xa estaba a traballar nun novo texto de regulación do teletraballo, e así o pasado 16 de outubro a Consellería de Facenda remitiu ás organizacións sindicais a nova proposta de regulación de teletraballo dos empregados públicos. Unha vez concluído o proceso de negociación, Galicia será unha das primeiras comunidades en adaptarse á normativa de reforma aprobada polo



Goberno central e publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) o pasado 30 de setembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 12:38:28
Nº Rexistro: 4938
Data envío: 06/11/2020 12:38:28.263

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 12:38:24

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1424**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as mais, sobre **“as medidas e o cronograma previsto polo Goberno galego para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera na Atención Primaria, así como as súas intencións respecto da contratación de máis profesionais e o aumento do orzamento dese nivel asistencial”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á Interpelación número 1.420 que tivo lugar no pleno do 22 de setembro de 2020.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-09-22?part=8677cdc2-b6da-4fd1-bf8f-379344aea5e4&start=3001> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 12:39:35
Nº Rexistro: 4939
Data envío: 06/11/2020 12:39:35.748

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 12:39:31

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1510**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da anteposición dos intereses de Galicia diante da negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, a valoración que fai da diminución e das previsibles diminucións dos fondos tradicionais ou recentemente previstos para necesidades como a transición enerxética e os criterios defendidos para a súa distribución e xestión”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 14 de outubro na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos o director xeral Planificación e Orzamentos dou resposta a esta mesma iniciativa ao contestar á iniciativa con número de rexistro 1508 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O director xeral explicou que os fondos europeos son unha peza clave no desenvolvemento da nosa comunidade autónoma e que por iso Galicia ven reclamando que a nosa comunidade autónoma non perda fondos estruturais no vindeiro marco orzamentario, e que poda xestionar unha maior proporción dos programas plurirrexionais.

Para elo a Xunta de Galicia xa está a traballar no vindeiro período plurianual de fondos estruturais, para o que solicitou á Comisión e ao Goberno de España que defenderán, en primeira instancia, con decisión unha política de cohesión forte dentro do orzamento comunitario e a que, dentro dela, se respecten os equilibrios mantidos ata o de agora.

No que refire a os fondos extraordinarios Next Generation UE, estes suporán un



impulso definitivo para acelerar a recuperación a partires da modernización da nosa economía e da nosa sociedade. Estes serán a chave e a principal política de investimento a medio prazo para facer fronte aos retos actuais en materia de transición ecolóxica, dixital e demográfica.

Para iso, explicou que o goberno de Galicia levou a cabo algunhas modificacións na súa estrutura co fin de impulsar os proxectos chamados a financiarse co Plan nacional de reformas e resiliencia que sumado ao apoio do sector privado fará que Galicia conte con unha masa de proxectos de impacto que contribuirán a modernizar o noso tecido

O pasado día 22 de outubro o goberno galego presentou no consello da xunta un primeiro paquete de proxectos cun un total de 108 propostas das diferentes consellerías que poderían chegar a mobilizar mais de 9.400 millóns de euros grazas a colaboración público-privada e que foron trasladadas ao Goberno central na derradeira Conferencia de Presidentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 12:40:56
Nº Rexistro: 4944
Data envío: 06/11/2020 12:40:56.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 12:40:52

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1688**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o plan de continxencias elaborado polo Goberno galego para evitar a saturación dos servizos sanitarios a consecuencia dos gromos de gripe e de enfermidades respiratorias, así como dos contaxios pola covid-19”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta do Conselleiro de Sanidade á Interpelación número 1.420 que tivo lugar no pleno do 22 de setembro de 2020.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-09-22?part=8677cdc2-b6da-4fd1-bf8f-379344aea5e4&start=3001> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 4956
Data envío: 06/11/2020 14:38:12.201

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 14:38:05

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2212**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“o alcance temporal previsto para o peche parcial do Centro de Saúde de Parga, no concello de Guitiriz, e as razóns do Goberno galego para non aceptar a proposta da veciñanza para recuperar a súa plena actividade”**, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Xerente do Sergas á pregunta número 2.213 que tivo lugar na Comisión 5ª do 15 de outubro de 2020.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2020-10-15?part=5dcd062f-6e6c-4a49-a771-c1ad7fc48a1d&start=1806> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 4957
Data envío: 06/11/2020 14:38:41.170

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/11/2020 14:38:35

CSV: BOPGDSPGS3B1Nzyko7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

